SUBSERIE: 02.40.3.1.1. VISITAS OFICIAIS

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Datas extremas: 1921-[1925]

Volume: 2 fotografías

ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido: Fotografías de visitas de diferentes autoridades españolas á fronte do Rif, nomeadamente Primo de Rivera e Juan de la Cierva.

SUBSERIE: 02.40.3.1.3. ACTOS POLÍTICOS

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Datas extremas: 1936

Volume: 3 fotografías

ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido: Visitas de militares participantes no golpe de estado do 36 a diferentes cidades españolas, nomeadamente Burgos, Ávila e Zaragoza, entre eles, José Cavalcanti.

SUBSERIE: 02.40.3.1.5. ACTOS MILITARES

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Datas extremas: [1909-1925]

Volume: 2 fotografías

ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido: Fotografías de Jaime Quiroga Pardo-Bazán nun campamento militar en Marrocos. Fotografías relativas á apertura dunha fosa común en Arruit (Marrocos).

SERIE: 02.40.3.2. RETRATOS DE FUNCIÓN PÚBLICA

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Datas extremas: 1854-[1913]

Volume: 3 fotografías

ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido: Retratos oficiais de José Pardo Bazán como deputado nas Cortes Constituíntes, nos anos 1854 e 1869. Retrato de estudo de Jaime Quiroga Pardo-Bazán e outros militares, en Ceuta.

SUBSERIE: 02.40.4.1.3. ACTOS CULTURAIS

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Datas extremas: 1951-1956

Volume: 3 fotografías

ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido: Homenaxe a Emilia Pardo Bazán na conmemoración do centenario do seu nacemento. Contactos da Real Academia Galega con Blanca Quiroga Pardo-Bazán e Manuela Esteban-Collantes en relación á doazón da casa da rúa Tabernas, 11, na Coruña.

SUBSERIE: 02.40.4.1.4. ACTOS RELIXIOSOS

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Datas extremas: 1929

Volume: 2 fotografías

ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido: Actos referentes ao coroamento da Virxe das Dores, dentro do programa de festas da Coruña do ano 1929.

SUBSERIE: 02.40.4.1.5. ACTOS BENÉFICOS

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Datas extremas: [1920-1960]

Volume: 6 fotografías

ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido: Fotografías de mesas de postulantes nas que participa Blanca Quiroga Pardo-Bazán. Fotografías referentes aos nenos do Colegio de Huérfanos del Arma de Caballería que pasan o verán do ano 1939 no Castelo de Santa Cruz.

SUBSERIE: 02.40.4.1.6. RETRATOS DE FUNCIÓN PRIVADA

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Datas extremas: 1885

Volume: 1 fotografía

ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido: Retrato da xunta directiva da Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos da Coruña presidida por José Quiroga.

SUBSERIE: 02.40.4.2.1. RETRATOS DE ACTIVIDADE PROFESIONAL

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Datas extremas: [1904-1910]

Volume: 1 fotografía

ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido: Retrato de Emilia Pardo Bazán diante dunha máquina de escribir.

SERIE: 02.40.5.1. CARTOFILIA

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Datas extremas: [1900-1945]

Volume: 5 fotografías

ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido: Tarxetas postais do pazo de Bussaco (Portugal), de Tetuán (Marrocos), e outras.

SERIE: 02.40.5.3. FOTOGRAFÍA DE MONUMENTOS

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Datos extremas: 1883-[1964]

Volume: 5 fotografías

ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido: Fotografías de igrexas, pazos, mausoleos e outros monumentos.

SERIE: 02.40.5.5. RETRATOS DE FAMOSOS

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Datos extremas: [1910-1945]

Volume: 8 fotografías

ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido: Retratos de estudo, en diferentes planos, de Alfonso XIII, a raíña Victoria Eugenia e os condes de Barcelona, en moitos casos dedicados a diferentes membros da familia Pardo Bazán.

SERIE: 02.40.6.1.1.1. DOCUMENTOS BIOGRÁFICOS

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Datos extremas: [1851]-1916

Volume: 16 documentos

ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido: Documentación variada de contido biográfico.

Organización: Orde dos documentos: cronolóxica, e, dentro da mesma, alfabeticamente polo título.

SERIE: 02.40.6.1.1.2. CORRESPONDENCIA

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Datos extremas: [1893]-[1917]

Volume: 14 documentos

ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido: Correspondencia de Emilia Pardo Bazán con diversas persoas.

Organización: Orde dos documentos: cronolóxica, e, dentro da mesma, alfabeticamente polo nome dos destinatarios.

SERIE: 02.40.6.1.4.1.1. MANUSCRITOS E PROBAS DE IMPRENTA DE OBRAS LITERARIAS

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Datos extremas: [1860]-1920

Volume: 7 caixas

ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido: Documentación da produción literaria, tanto narrativa, como teatral e poética, de Emilia Pardo Bazán, formada por manuscritos, probas de imprenta e borradores.

Organización: Serie organizada nas subseries: Contos, Novelas e narrativa curta, Borradores, bosquejos e notas para narracións, Poesías e Teatro.

SUBSERIE: 02.40.6.1.4.1.1.1. CONTOS

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Datas extremas: [1872]-[1919]

Volume: 77 documentos

ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido: Manuscritos e probas de imprenta dos contos de Emilia Pardo Bazán.

Organización: Orde dos documentos: cronolóxica e, dentro da mesma, alfabeticamente polo título.

SUBSERIE: 02.40.6.1.4.1.1.2. NOVELAS E NARRATIVA CURTA

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Datas extremas: [1870]-[1920]

Volume: 21 documentos

ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido: Manuscritos e probas de imprenta das novelas e narracións curtas de Emilia Pardo Bazán.

Organización: Orde dos documentos: cronolóxica e, dentro da mesma, alfabeticamente polo título.

SUBSERIE: 02.40.6.1.4.1.1.3. BORRADORES, BOSQUEXOS E NOTAS PARA NARRACIÓN

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Datas extremas: [1870]-[1910]

Volume: 11 documentos

ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido: Manuscritos con borradores e bosquejos de narracións de Emilia Pardo Bazán.

Organización: Orde dos documentos: cronolóxica e, dentro da mesma, alfabeticamente polo título.

SUBSERIE: 02.40.6.1.4.1.1.4. POESÍAS

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Datas extremas: 1866-1910]

Volume: 98 documentos

ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido: Manuscritos, borradores e bosquejos de poemas de Emilia Pardo Bazán.

Organización: Orde dos documentos: cronolóxica e, dentro da mesma, alfabeticamente polo título.

Área de notas:

Contido: inclúense as follas voandeiras *A la caridad: oda*, A Coruña, Impr. de Puga, 1878 e *El agua: soneto*, [A Coruña], Imprenta de Puga, 1880.

SUBSERIE: 02.40.6.1.4.1.1.5. TEATRO

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Datas extremas: [1860]-[1910]

Volume: 22 documentos

ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido: Manuscritos, borradores e bosquexos de obras teatrais de Emilia Pardo Bazán.

Organización: Orde dos documentos: cronolóxica e, dentro da mesma, alfabeticamente polo título.

SERIE: 02.40.6.1.4.1.2. MANUSCRITOS E PROBAS DE IMPRENTA DE ARTIGOS E OBRAS ENSAÍSTICAS E CRÍTICAS

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Datas extremas: [1870]-1920

Volume: 10 caixas

ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido: Documentación da produción non literaria de Emilia Pardo Bazán, formada por manuscritos, probas de imprenta e borradores.

Organización: Serie organizada nas subseries: Artigos, Conferencias e Traballos monográficos.

SUBSERIE: 02.40.6.1.4.1.2.1. ARTIGOS

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Datas extremas: [1870]-[1920]

Volume: 230 documentos

ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido: Manuscritos, borradores, bosquexos e probas de imprenta con colaboracións de Emilia Pardo Bazán en publicacións periódicas e monografías.

Organización: Orde dos documentos: cronolóxica e, dentro da mesma, alfabeticamente polo título.

SUBSERIE: 02.40.6.1.4.1.2.2. CONFERENCIAS

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Datas extremas: [1892]-[1918]

Volume: 49 documentos

ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido: Manuscritos, borradores, bosquexos e probas de imprenta de conferencias e discursos de Emilia Pardo Bazán.

Organización: Orde dos documentos: cronolóxica e, dentro da mesma, alfabeticamente polo título.

SUBSERIE: 02.40.6.1.4.1.2.3. TRABALLOS MONOGRÁFICOS

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Datos extremas: [1892]-[1914]

Volume: 18 documentos

ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido: Manuscritos, borradores e bosquejos de estudos monográficos de Emilia Pardo Bazán sobre literatura, política, cociña, etc.

Organización: Orde dos documentos: cronolóxica e, dentro da mesma, alfabeticamente polo título.

SERIE: 02.40.6.1.4.1.3. NOTAS E APUNTAMENTOS PARA LECCIÓN DE LITERATURA FRANCESA

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Datos extremas: 1916-1920 (1896)

Volume: 2 caixas

ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido: Borradores e apuntamentos das leccións de literatura francesa que Emilia Pardo Bazán deu na Escola de Estudios Superiores do Ateneo de Madrid en 1896 e as que impartiu na Univesidade Central de Madrid

Organización: Serie organizada en dúas subseries, según a época e lugar das súas leccións.

SUBSERIE: 02.40.6.1.4.1.3.1. LECCIÓN NO ATENEO DE MADRID

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Datos extremas: [1896]

Volume: 15 documentos

ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido: Borradores e bosquejos para as leccións sobre literatura francesa que Emilia Pardo Bazán impartiu na Escola de Estudios Superiores do Ateneo de Madrid en 1896.

Organización: Orde dos documentos: alfabética polo título.

SUBSERIE: 02.40.6.1.4.1.3.2. LECCIÓN NA UNIVERSIDADE CENTRAL

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Datos extremas: [1916]-[1920]

Volume: 34 documentos

ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido: Borradores e bosquejos para as leccións sobre literatura francesa que Emilia Pardo Bazán impartiu na Universidade Central de Madrid, como catedrática de linguas neolatinas, desde 1916.

Organización: Orde dos documentos: cronolóxica e, dentro da mesma, alfabeticamente polo título.

SERIE: 02.40.6.1.4.1.4. NOTAS E APUNTAMENTOS

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Datas extremas: [Despois de 1851]-[191-]

Volume: 1 caixa

ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido: Borradores e apuntamentos de contido variado, listaxe de libros, dicionarios literarios, etc. Destaca un conxunto de notas sobre literatura castelá, para a elaboración da súa "Historia de las Letras Castellanas".

Organización: Serie organizada en dúas subseries, unha con apuntamentos soltos, e outra coas notas para a elaboración da súa "Historia de las Letras Castellanas".

SUBSERIE: 02.40.6.1.4.1.4.1. APUNTAMENTOS PARA A "HISTORIA DE LAS LETRAS CASTELLANAS"

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Datas extremas: [188-]

Volume: 81 documentos

ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido: Notas e apuntamentos sobre literatura en castelán. Os manuscritos están encabezados por un título alusivo á etapa cronolóxica, xénero literario e/ou autor, xunto co autor da obra da que se toman as notas. Canda estas notas hai varias follas con títulos dos tomos da "Historia de las Letras Castellanas".

Organización: Orde dos documentos: alfabética polo título.

SUBSERIE: 02.40.6.1.4.1.4.2. APUNTAMENTOS SOLTOS

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Datas extremas: [Despois de 1851]-[1900]

Volume: 24 documentos

ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido: Notas e apuntamentos soltos de diversas materias.

Organización: Orde dos documentos: cronolóxica e, dentro da mesma, alfabeticamente polo título.

SERIE: 02.40.6.1.5.1. RECORTES DE PRENSA

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Datas extremas: [Despois de 1851]-1962

Volume: 2 caixas, 2 carpetas

ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido: Colección de recortes de prensa tanto da autoría de Emilia Pardo Bazán, como de noticias sobre a escritora. Parte deles foron colleccionados por Blanca Quiroga.

Organización: Serie organizada en dúas subseries, unha coas colaboracións de Emilia Pardo Bazán, e outra coas noticias sobre a escritora.

SUBSERIE: 02.40.6.1.5.1.1. COLABORACIÓNS DE EMILIA PARDO BAZÁN

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Datas extremas: [Despois de 1851]-1958

Volume: 157 documentos

ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido: Recortes de prensa con colaboracións literarias e non literarias de Emilia Pardo Bazán en publicacións periódicas e monografías.

Organización: Orde dos documentos: cronolóxica e, dentro da mesma, alfabeticamente polo título.

SUBSERIE: 02.40.6.1.5.1.2. ARTIGOS SOBRE EMILIA PARDO BAZÁN

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Datas extremas: [1900]-1962

Volume: 79 documentos

ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido: Recortes de prensa con artigos sobre Emilia Pardo Bazán en publicacións periódicas.

Organización: Orde dos documentos: cronolóxica e, dentro da mesma, alfabeticamente polo título.

SERIE: 02.40.6.1.5.2. RECEITAS DE COCIÑA

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Datas extremas: [Entre 1851 e 1921]

Volume: 1 caixa

ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido: Recortes de prensa, notas mecanoscritas e manuscritas, con receitas de cociña.

Organización: Orde dos documentos: alfabeticamente polo título.

SERIE: 02.40.6.1.5.3. MANUSCRITOS ALLEOS

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN


Datas extremas: [1800]-[1892]

Volume: 1 caixa

ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido: Varios manuscritos de autoría diversa, conservados pola escritora coruñesa.

Organización: Orde dos documentos: alfabética polo nome dos autores.



DESCRIPCIÓN DOS DOCUMENTOS



2.40.1.1.1 ACONTECEMENTOS PUNTUAIS

- Data/ano:** [1876-1880]
Autor: Luis Sellier
Título: Retrato de Emilia Pardo Bazán cun bebé no colo.
Descrición: Retrato de estudo en óvalo. Plano medio curto de Emilia Pardo Bazán, sentada nunha cadeira de brazos, cun vestido escuro, sostendo no colo, sobre o brazo dereito, un bebé espido. Coa man esquerda suxeita a do bebé.
1 unidade; 10 x 14. Monocromo vertical.
Localización: M-2-14
Bibliografía: *Vida y obra literaria de Emilia Pardo Bazán* [Vídeo], guión, Margarita Almela, Ana María Freire; realización, Ricardo Groizard, Madrid, CEMAV, Universidad Nacional de Educación a Distancia, D.L. 1997.
Exposicións: Exposición permanente Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.

- Data/ano:** 1890
Autor: Avrillon
Título: "Retrato del Excmo D. José Silverio Pardo Bazán, 1^{er} Conde de P. Falleció el 23 de marzo de 1890".
Descrición: Plano 3/4 lateral de José Pardo Bazán morto, dentro do cadaleito, vestido cun gabán negro e coas mans cruzadas sobre o abdome e a cabeza apoiada sobre un coxín. Ao fondo á esquerda, parte dunha mesa consola encol da que hai unhas figuriñas.
1 unidade; 17 x 23. Monocromo vertical.
Localización: L-3-1

- Data/ano:** [1890-1905]
Autor: Descoñecido/a
Título: Visita ao Pazo de Meirás en construción.
Descrición: Gran plano xeral da fachada principal do Pazo de Meirás en plena construción. No primeiro plano, un grupo de persoas contemplando as obras. Á esquerda, Emilia Pardo Bazán con dous homes, no centro, catro mulleres vestidas de branco. No segundo plano, o pazo, coas portas e as xanelas tapadas con táboas e no tellado, unha escada de madeira sobe até a torre esquerda.
1 unidade; 9 x 14. Monocromo horizontal.
Localización: S-2-60
Bibliografía: *Casa-Museo Emilia Pardo Bazán: [Catálogo]*, coordinan, Xulia Santiso Rolán, Patricia Carballal Miñán; textos, Xesús Alonso Montero e outros, A Coruña, Real Academia Galega, Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, 2002.
FAUS, Pilar, *Emilia Pardo Bazán: su época, su vida, su obra*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2003, 2 v.
BIBLIOTECA VIRTUAL MIGUEL DE CERVANTES. Emilia Pardo Bazán: *Retazos: [Videoteca]*. [en rede]. [Alicante]: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes. <http://cervantesvirtual.com/bib_autor/pardo_bazan/videoteca.shtml> [Data de consulta 23/outubro/2003].
Exposicións: Exposición permanente Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.

Data/ano: [1900-1930]
Autor: Descoñecido/a
Título: Nenos de Primeira comunión no xardín do Pazo de Meirás.
Descrición: Plano curto de cinco nenos de pé, nun xardín ao carón dun pazo. De esquerda a dereita, tres nenos, vestidos de branco, con pantalóns curtos e medias altas, e dúas nenas, tamén vestidas de branco, cun veo longo. Os nenos con cadanseu libro nas mans. Detrás deste grupo, unha muller, de lado, camiña cara á dereita ollando cara á cámara.
Na dereita, unha esquina do pazo, con xanelas e matas de hortensias no sopé. Ao fondo, as reixas do xardín e un bosque.
1 unidade; 5 x 7. Monocromo horizontal.
Localización: S-4-113

Data/ano: 24-10-1910
Autor: Descoñecido/a
Título: "Mi boda en Meirás".
Descrición: Voda de Blanca Quiroga Pardo-Bazán e José Cavalcanti. Plano curto dos noivos e os representantes dos padriños, posando nunha escaleira exterior do Pazo de Meirás. De esquerda a dereita, Antonio Tovar y Marcoleta, vestido con uniforme militar de gala (representado ao infante Fernando de Borbón), Blanca, con traxe de noiva, José Cavalcanti, con uniforme militar de gala e Emilia Pardo Bazán, cun traxe escuro e un sombreiro con penas (representando á infanta María Teresa de Borbón).
1 unidade; 8 x 12. Monocromo horizontal.

Localización: AL-1-37
Bibliografía: BIBLIOTECA VIRTUAL MIGUEL DE CERVANTES. *Emilia Pardo Bazán: Retazos: [Videoteca].* [en rede]. [Alicante]: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes. <http://cervantesvirtual.com/bib_autor/pardo_bazan/videoteca.shtml> [Data de consulta 23/outubro/2003].

Data/ano: 24-10-1910
Autor: Fotografía Madrileña (A Coruña)
Título: "Grupo de invitados a la boda".
Descrición: Plano curto dun grupo de asistentes á voda de Blanca Quiroga Pardo-Bazán e José Cavalcanti, posando nunhas escaleiras exteriores do Pazo de Meirás. No centro, ocupando todo o ancho da escaleira, un grupo de mulleres con chapeus anchos de penas, algunhas delas numeradas sobre a imaxe. Aos lados, dúas columnas sobre as que hai testos con plantas.
A numeración correspóndese cunha listaxe de asistentes que elaborou Blanca.
1 unidade; 9 x 14. Monocromo horizontal.
Localización: AL-1-37

- Data/ano:** 1-4-1916
Autor: Descoñecido/a
Título: Voda de Jaime Quiroga Pardo-Bazán e Manuela Esteban-Collantes, en Madrid.
- Descrición:** Plano xeral do interior da igrexa en Madrid, no intre da voda de Jaime Quiroga Pardo-Bazán e Manuela Esteban-Collantes. No centro, os noivos. Á esquerda, Jaime con uniforme militar de gala, e un chapeu e as luvas nas mans. Á dereita Manuela, vestida de noiva, cun veo sobre a cabeza, e o ramo e unhas luvas nas mans. Á esquerda deles, o padriño. Á dereita, Emilia Pardo Bazán, vestida de escuro, cun chapeu de penas e un abano aberto diante do peito.
No centro, un reclinatorio, do outro lado do cal está un bispo mitrado de pé diante dunha cadeira episcopal, ollando cara a eles. Detrás deste, outras autoridades eclesiásticas, entre elas enxérgase unha que sostén un báculo, e algúns acólitos. Á dereita, detrás, os asistentes.
Ao fondo, no centro, un medallón da Virxe, na parede da igrexa. No chan, unha alfombra.
1 unidade; 9 x 14. Monocromo horizontal.
- Localización:** S-7-74
-
- Data/ano:** [1910-1930]
Autor: Descoñecido/a
Título: "Boda de Fernando Escardó y Concepción Gandarillas".
- Descrición:** Retrato de estudo. Plano enteiro de Concepción Gandarillas, á esquerda, e Fernando Escardó. Ela vai vestida de noiva, cun veo que ata cuns lazos sobre a fronte e cae sobre as costas até o chan, no primeiro plano. Na man esquerda sostén un ramo de flores. El vai vestido cun uniforme militar de gala, cunha condecoración no peito. Na man dereita sostén as luvas e o chapeu. Nese mesmo lado leva un sabre.
1 unidade; 20 x 27. Monocromo vertical.
- Localización:** AL-1-57
-
- Data/ano:** 8-5-1918
Autor: Descoñecido/a
Título: "Boda de los Marqueses de Espeja".
- Descrición:** Plano enteiro dos marqueses de Espeja, de pé sobre unha alfombra, no día da súa voda. Á esquerda, Ramón M^a Narváez, vestido cun uniforme militar de gala, leva un chapeu con penas na man esquerda e un sabre na dereita. Ao seu carón, María del Campanar de Melgar, cun traxe de noiva branco, leva as mans cruzadas diante do corpo e un pequeno ramo de flores entre elas e unha coroa na cabeza.
1 unidade; 13 x 19. Monocromo vertical.
- Localización:** AL-1-59

Data/ano: 1937
Autor: Photo-Carte (Donostia)
Título: Entero de José Cavalcanti.
Descrición: Actos da cerimonia de enterro de Jose Cavalcanti, en Donostia:
a) Un grupo de homes vestidos con uniforme militar co cadaleito en ombros saen dun edificio. Na porta, un grupo de asistentes aos actos. Aos lados, varios cregos.
b) Nunha rúa, o grupo anterior no intre de subir o cadaleito a unha carroza. Detrás deles, nas beirarrúas, multitude de persoas observan a escena.
c) Personalidades eclesiásticas e militares camiñan detrás da carroza.
d) Wenceslao Fernández Flórez entre a comitiva de acompañantes non identificados.
e) Plano contrapicado da procesión fúnebre.
f) Os requetés desfilando aos lados da carroza.
g) A carroza escoltada por militares armados con fusís.
h) Grupo de requetés non identificados no medio da procesión. 8 unidades; 9 x 14. Monocromo horizontal.
Localización: S-7-(7-14).

Data/ano: [1940-1950]
Autor: Descoñecido/a
Título: "Boda de una nieta del Teniente General, don Dámaso Berenguer en El Ferrol".
Descrición: Plano enteiro da neta de Dámaso Berenguer vestida de noiva e do seu home, á dereita, cun uniforme militar, posando nunhas escaleiras, en Ferrol, probablemente na igrexa de San Francisco, o día da súa voda. A cola do vestido cae espallada polos chanzos abaixo. Á esquerda e algo separada do grupo, unha nena vestida de branco cun diadema. Detrás da noiva, unha muller, tamén vestida de branco, cunha gran pena na cabeza. Á dereita do noivo, un neno, sobre o ombreiro do cal apoia o noivo a man, rodeándolle as costas co brazo. Detrás, un recinto pechado con tea metálica, e os esteos que conforman a entrada a este recinto.
1 unidade; 9 x 14. Monocromo vertical.
Localización: AL-1-43

Data/ano: [1940-1950]
Autor: Portela Estudio (A Coruña)
Título: "Mi sobrina Amparito con su primer hijo".
Descrición: Plano medio de Amparo Quiroga, medio incorporada nunha cama, que vestida cunha chaqueta de cor clara e un lazo adornándolle o pelo, sostén sobre o brazo dereito un bebé, probablemente Jorge Vargas, tamén vestido de cor clara. Ao fondo vese a cabeceira da cama.
Dedicatoria no anverso: "Con el mayor cariño te abrazan tu sobrina y tu sobrinito. Mª del Amparo".
1 unidade; 18 x 24. Monocromo horizontal.
Localización: AL-1-124

Data/ano: 10-4-1947

Autor: Willy Kock

Título: "Boda de Lorenzo Roca Aguirre. Miramón el 10 de Abril de 1947 en San Sebastián".

Descrición: Plano 3/4 dos asistentes á voda de Lorenzo Roca Aguirre, nun momento da cerimonia, en Miramón, Donostia. No centro, Lorenzo Roca vestido con uniforme militar, debaixo do brazo dereito leva unha gorra, e na mesma man, unhas luvas brancas e un sabre. Á súa dereita, a noiva, de branco, cuberta por un veo, cun ramo de flores na man dereita, ten o ollar baixo. Diante deles, sobre unha repisa de pedra, unha bandexa, probabelmente cos aneis. No lado esquerdo, un home vestido de escuro coas mans cruzadas diante do corpo. Á dereita, unha muller, tamén vestida de escuro e con mantilla. Ao fondo dexérganse algúns homes máis.

1 unidade; 8 x 12. Monocromo horizontal.

Localización: AL-1-58

Data/ano: 15-8-1950

Autor: Descoñecido/a

Título: Grupo de convidadas á voda de Victoria Fernández España e Felipe Fernández Armesto, sentadas ao redor dunha mesa nun xardín.

Descrición: Plano curto dun grupo de mulleres sentadas e tomando algo ao redor dunha mesa durante a voda de Victoria Fernández España e Felipe Fernández Armesto, nos exteriores do Pazo de Miraflores en Oleiros. Están numeradas e identificadas por Blanca Quiroga.

De esquerda a dereita e cun abrigo de pel e chapeu de penas, Amparo, a seguir, na cabeceira da mesa e vestida de loito, Blanca Quiroga. Asoma a cabeza, con lentes, Luísa. Vestida de loito, cun pratiño na man e en actitude de comer, Julia Guad-el-Jelú. Detrás desta e de pé, Carmen Ordóñez e en primeiro plano e cun vestido claro, Carmen Rivera.

Detrás do grupo hai un valado que separa o recinto do monte. Ao fondo, entre as árbores, unhas nenas xogando.

1 unidade; 13 x 18. Monocromo horizontal.

Localización: AL-1-61

Data/ano: [1950-1960]
Autor: Descoñecido/a
Título: Voda de parella non identificada.
Descrición: Plano curto no interior dunha igrexa, do intre do troco de aneis na cerimonia matrimonial de dúas persoas non identificadas.
No primeiro plano, á esquerda, un neno, de costas, co traxe de acólito. Diante del, o crego, tamén de costas. Á dereita, en primeiro plano, a madriña, cun abrigo escuro, chapeu e o bolso na man. No centro, no segundo plano, o noivo ponlle a alianza á noiva, de abrigo escuro e chapeu. Á esquerda do noivo, o padriño. Á dereita un neno cun traxe de mariñeiro. Detrás deste, os convidados, nos bancos. Ao fondo unha imaxe da Virxe co neno.
1 unidade; 13 x 18. Monocromo horizontal.
Localización: M-1-56

2.40.1.1.3 TEMPO LIBRE E LECER

Data/ano: [1860-1880]
Autor: Descoñecido/a
Título: "Granxa de Meirás. José Quiroga".
Descrición: Escena de caza na granxa de Meirás. No primeiro plano, catro homes sentados na eira, en diversas posturas, con chapeus e escopetas e rodeados de cans. Na esquerda, José Quiroga, mozo. Detrás, un grupo de homes de pé tamén con chapeus e escopetas, un deles toca o corno, á súa dereita, o señor da casa, vestido de branco. Detrás, dous homes cargan os cestos nun burro sobre o que está sentado un home cun chapeu de aba moi ancha. Á dereita, un cabalo cuberto cunha manta. No fondo, unha casa rural, á dereita, parte dun canastro.
1 unidade; 18 x 24. Monocromo horizontal.
Localización: XL-3-14
Bibliografía: BIBLIOTECA VIRTUAL MIGUEL DE CERVANTES. *Emilia Pardo Bazán: Retazos*. [Videoteca]. [en rede]. [Alicante]: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes. <http://cervantesvirtual.com/bib_autor/pardo_bazan/videoteca.shtml> [Data de consulta 23/outubro/2003].
Exposicións: Exposición permanente Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.

Data/ano: [1875-1890]

Autor: Descoñecido/a

Título: Os condes de Pardo Bazán.

Descrición: Plano curto dos condes de Pardo Bazán sentados nun exterior. No primeiro plano, unha cadeira de exterior. No segundo plano, sentados ao redor dunha mesa, á esquerda Amalia de la Rúa Figueroa, sentada de lado, dando as costas, xira a cabeza á fronte. Sobre ela a inscrición "Csa. de Pardo Bazán". Á dereita, José Pardo Bazán, de fronte, en postura relaxada, cun traxe de cor clara, sobre el a inscrición "Conde de Pardo Bazán". Á súa dereita, tamén sentado, un home non identificado. Ao fondo, a vexetación dun parque.

1 unidade; 9 x 12. Monocromo vertical.

Localización: M-1-41

Bibliografía: *Casa-Museo Emilia Pardo Bazán: [Catálogo]*, coordinan, Xulia Santiso Rolán, Patricia Carballal Miñán; textos, Xesús Alonso Montero e outros, A Coruña, Real Academia Galega, Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, 2002.

BIBLIOTECA VIRTUAL MIGUEL DE CERVANTES. *Emilia Pardo Bazán: Retazos: [Videoteca]*. [en rede]. [Alicante]: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes. <http://cervantesvirtual.com/bib_autor:/pardo_bazan/videoteca.shtml> [Data de consulta 23/outubro/2003].

Exposicións: Exposición permanente Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.

Data/ano: [1890-1900]

Autor: Descoñecido/a

Título: José Quiroga, cun home descoñecido, nunha barca.

Descrición: Plano medio de José Quiroga, sentado nunha barca, de traxe e con chapeu, mirando cara á dereita, coas luvas na man. Á súa esquerda, un home maior, de barba e bigote brancos, con boina, tamén sentado, vestido de escuro e coas mans xuntas, coma se estivese cebando un anzol. Á esquerda vese o mar, e detrás outras barcas e edificios. Probabelmente sexa o porto da Coruña.

1 unidade; 7 x 9. Monocromo vertical.

Localización: S-4-112

Data/ano: [1895-1905]

Autor: Descoñecido/a

Título: Jaime Quiroga sentado nun exterior.

Descrición: Plano enteiro lateral de Jaime Quiroga sentado do revés nunha cadeira encartabel, nun exterior. Viste chaqueta, bombín e pantalón cunha lista nas perneiras. Repousa os brazos sobre o respaldo e suxeita as luvas entre as mans. Detrás del, unha parede de tixolo.

1 unidade; 8 x 11. Monocromo vertical.

Localización: S-5-35

Data/ano: [1910-1940]
Autor: Descoñecido/a
Título: Nenos.
Descrición: Plano curto de tres nenos non identificados, nunha rúa empedrada, diante dunha casa. De dereita a esquerda, un neno, de pé, cun traxe de cor clara e cun pucho de papel na cabeza. A seguir, unha nena sentada, cunha saia longa escura e un pano na cabeza, atado debaixo da cara, que lle cae sobre os ombreiros tapándolle medio corpo, cruza as mans sobre o colo, en actitude de oración. Por último un neno, cun pantalón de raias, chaleco e un chapeu de ás, escuro. Apoia a man esquerda sobre as costas da nena, e na dereita sostén un bastón de pau. Detrás, as contras enreixadas das xanelas da casa.
1 unidade; 7 x 9. Monocromo horizontal.
Localización: S-4-111

Data/ano: [1920-1940]
Autor: Descoñecido/a
Título: Manuela Esteban-Collantes con dous cregos non identificados á porta dunha igrexa.
Descrición: Plano xeral de dous cregos e Manuela Esteban á porta dunha igrexa. De esquerda a dereita, os dous cregos, primeiro o máis novo, e Manuela Esteban vestida de escuro e cun bolso collido pola asa coas dúas mans, diante do colo, situados os tres entre as dúas columnas que delimitan a porta da igrexa.
1 unidade; 5 x 7. Monocromo vertical.
Localización: S-4-115

Data/ano: [1922-1927]
Autor: Descoñecido/a
Título: Jaime Quiroga Pardo-Bazán e o seu fillo con corpos falsos.
Descrición: Plano enteiro de (de esquerda a dereita) un home non identificado, Jaime Quiroga Esteban-Collantes e Jaime Quiroga Pardo-Bazán, asomando as cabezas por detrás dun decorado fotográfico, nos lugares correspondentes a diferentes corpos; respectivamente, de soldado, coa perna ergueita e un bolso na man, levando de ganchete o segundo corpo, de ama de cría con colar, uniforme e mandil, sostendo sobre o brazo dereito o terceiro corpo, de nena, cun chupete nas mans, vestidiño e colar.
1 unidade; 9 x 14. Monocromo vertical.

Localización: S-2-58
Data/ano: [1922-1927]
Autor: Descoñecido/a
Título: Retrato de Jaime Quiroga Esteban-Collantes.
Descrición: Plano xeral de Jaime Quiroga Esteban-Collantes de neno posando nun decorado fotográfico polo que só asoma a metade superior do corpo. No primeiro plano, debuxo do lateral dunha barca navegando no porto da Coruña, conducida por Jaime Quiroga. Ao fondo, debuxo de varios edificios emblemáticos da Coruña; o Hotel Atlántico, o Quiosco Alfonso, sobre o que destaca o edificio do Banco Pastor, e o edificio "da Radio".
1 unidade; 9 x 14. Monocromo horizontal.

Localización: S-2-55

Data/ano: [1922-1928]
Autor: Descoñecido/a
Título: Xornada no Pazo de Meirás.
Descrición: Secuencia de momentos dunha xornada no Pazo de Meirás.
a) Plano xeral do grupo diante da fachada lateral do pazo. De esquerda a dereita, Gerardo Bermúdez de Castro, Carmen Quiroga collendo por un brazo a Jaime Quiroga Esteban-Collantes, Manuela Esteban colléndoo polo outro, unha muller descoñecida e un pouco afastado do grupo, un sacerdote xoga con dous cans.
b) O grupo nunha esquina, entre a porta da fachada lateral e a torre da Quimera. No primeiro plano, Gerardo Bermúdez, de costas, parece que manipula unha cámara fotográfica. En fronte del, posando de esquerda a dereita, o crego xogando cos cans, Carmen Quiroga, un home e unha muller non identificados, e Manuela Esteban, que colle polos ombros a Jaime Quiroga Esteban. No fondo o xardín.
c) O grupo pasea por un camiño de terra. Diante, os cans xogan. Á dereita, uns matos. Ao fondo, unha cadea delimita o paseo.
3 unidades; 9 x 11. Monocromo horizontal.

Localización: S-3-(88 - 90).

Data/ano: [1925-1930]
Autor: Descoñecido/a
Título: Jaime Quiroga Esteban-Collantes xogando no Pazo de Meirás.
Descrición: Plano enteiro, no exterior do Pazo de Meirás, de (de esquerda a dereita) Jaime Quiroga Esteban-Collantes, neno, de pé, cun pantalón bombacho, lentes e unha pucha de cor clara, facendo un saúdo militar, unha cadeira de vimbio enriba da que hai un cadeliño, e un home non identificado, cunha chaqueta de cor clara, un pantalón escuro, cun cigarro na man dereita. Detrás, a portada principal do pazo, coa porta aberta e a fachada medio cuberta de hedra.
1 unidade; 7 x 9. Monocromo horizontal.

Localización: S-4-99

Data/ano: [1925-1935]
Autor: Descoñecido/a
Título: Xornada no Castelo de Santa Cruz.
Descrición: Serie de fotos de xornada de lecer no castelo de Santa Cruz.
a) "Blanca, Carmen y el tío Gerardo Bermúdez de Castro",
sentados diante das ameas, en cadeiras de vimbio.
b) "El tío Gerardo, Pepe, Carmen y Blanca" de pé, ao lado
dunha torre, diante das ameas.
c) De pé, diante dunha garita, Pepe [?] á esquerda, e Gerardo
Bermúdez.
d) De pé, diante dunha garita e dun mato, de esquerda a
dereita, José Cavalcanti, un home non identificado e
Gerardo Bermúdez.
e) Carmen Quiroga, de pé, diante dunha garita.
f) Blanca Quiroga, apoiada contra un muro a carón dunhas
hortensias. Ao fondo, o mar, cunha barquiña, e a costa.
6 unidades; 6 x 9, 7 x 9. Monocromo horizontal.
Localización: AL-1-64, S-4-(94 -98).

Data/ano: [1925-1935]
Autor: Descoñecido/a
Título: Blanca e Carmen con outras mulleres no Castelo de Santa Cruz.
Descrición: Visita ao Castelo de Santa Cruz.
a) De esquerda a dereita, Blanca Quiroga, unha muller non
identificada, Manuela Esteban, outra muller non identificada
e Carmen Quiroga, apoiadas contra as ameas do muro do
castelo de Santa Cruz.
b) De esquerda a dereita, un home, unha muller non
identificada, Manuela Esteban, outra muller non identificada
e Blanca Quiroga, apoiados contra as ameas dos muros do
castelo. Ao fondo vese parte da costa. Á esquerda, unha
árbore.
c) De pé, ao carón dun mato de hortensias, preto das ameas e
dunha torre redonda, de esquerda a dereita, un home non
identificado, Carmen Quiroga, unha muller non identificada,
José Cavalcanti que asoma a cabeza por detrás e Blanca
Quiroga, todos con abrigos e chapeus. Ao fondo unha cadei-
ra de vimbio.
3 unidades; 6 x 9, 7 x 9. Monocromo vertical e horizontal.
Localización: S-4-(100 - 102), S -4-(117 - 118).

Data/ano: [1925-1935]
Autor: Descoñecido/a
Título: No Castelo de Santa Cruz, cunha parella de amigos.
Descrición: Serie no exterior do Castelo de Santa Cruz.
a) De esquerda a dereita, Manuela Esteban, Blanca Quiroga, Carmen Quiroga e un home non identificado, cunha man metida por dentro da chaqueta, no peito, e con pucha, de pé diante dunha parede do pazo na que hai dúas xanelas baixas e un mato de hortensias. No fondo, pasando a esquerda da casa, as árbores do xardín.
b) O mesmo grupo, en distintas posicións, noutra zona do xardín, diante das hortensias e das árbores.
c) Carmen Quiroga, de pé, coas mans cruzadas sobre o colo, sobre un camiño enlousado do xardín. Á dereita, unha esquina do pazo. Detrás dela, o xardín, cos matos, as hortensias e as árbores.
3 unidades; 6 x 9. Monocromo horizontal.
Localización: S-4-(103 - 105)

Data/ano: [1925-1935]
Autor: Descoñecido/a
Título: Blanca Quiroga e José Cavalcanti cuns amigos.
Descrición: Serie nun exterior non identificado, probablemente o castelo de Santa Cruz.
a) Plano enteiro de grupo sentado sobre un valado. De esquerda a dereita, un home con chapeu e barba sostén un libro entre as mans no colo, unha muller nova, unha maior vestida de escuro que mira de costas cara ao fondo, Blanca, vestida de escuro e con chapeu, medio tapada polo chapeu de José Cavalcanti, á súa dereita, de pé, con abrigo, chapeu e bastón na man esquerda, mete a dereita no peto. Ao fondo, as árbores.
b) O mesmo grupo nas mesmas posicións, José Cavalcanti esta vez sentado á dereita de Blanca.
2 unidades; 5 x 7. Monocromo horizontal e vertical.
Localización: S-4-(106 - 107).

Data/ano: [1925-1935]
Autor: Descoñecido/a
Título: Blanca Quiroga e outra muller, probablemente Manuela Esteban, no medio dun bosque.
Descrición: a) Plano xeral de Blanca Quiroga, á dereita, de pé, cunha muller máis nova, sentada no chan, agarimando un can, no medio dun bosque, nun lugar non identificado. Ao fondo semella haber un emparrado de viña.
b) Plano xeral do mesmo grupo, esta vez con Blanca sentada no chan ao carón da muller descoñecida.
2 unidades; 6 x 9. Monocromo horizontal e vertical.
Localización: S-4-(108 - 109)

Data/ano: [1925-1935]
Autor: Descoñecido/a
Título: Blanca Quiroga na Catedral de Santiago.
Descrición: Gran plano xeral de Blanca Quiroga Pardo Bazán de pé, cun abrigo dobrado debaixo do brazo e un chapeu, diante da portada principal da Catedral de Santiago de Compostela. Detrás, unha das portas, na parte dereita, sentada contra a basa dunha columna, unha muller cun pano na cabeza pedindo esmola. 1 unidade; 6 x 9. Monocromo horizontal.
Localización: S-4-110

Data/ano: [1930-1936]
Autor: Descoñecido/a
Título: Blanca Quiroga e José Cavalcanti nun acto militar non identificado.
Descrición: Acto militar non identificado, nun parque.
a) Grupo de mulleres vestidas de escuro, de pé no parque, detrás dunha mesa e dunhas cadeiras de madeira. Entre elas, Blanca Quiroga. Á dereita delas, un home vestido con uniforme militar e José Cavalcanti, con "canotier", bastón e fumando un cigarro. Detrás as árbores e outras persoas.
b) Plano xeral dunha banda de música formada por homes vestidos con uniformes militares, de pé en círculo, no primeiro plano algúns deles de costas, coas cadeiras de madeira detrás. No segundo plano, de lado, o director da banda. Á esquerda, sobre unha plataforma máis elevada, un grupo de persoas sentadas en cadeiras de madeira, de costas á cámara, atenden a outro acto.
2 unidades; 9 x 14. Monocromo horizontal.
Localización: S-2-(84-85)

Data/ano: 27-8-1950
Autor: Descoñecido/a
Título: Homenaxe a Amalio Taboada.
Descrición: Retrato de grupo. Plano enteiro dos asistentes á homenaxe celebrada en conmemoración do 80 aniversario de Amalio Taboada, no Pazo de Faramello (Rois, A Coruña), situados a diferentes alturas. Na primeira fila, no centro, no medio doutras persoas, Amalio Taboada, de chapeu, á súa esquerda, Blanca Quiroga e á dereita, a marquesa de Guad-el-Jelú. No primeiro plano, enmarcando os retratados, a mesta vexetación do xardín do pazo.
1 unidade; 18 x 24. Monocromo horizontal.
Localización: L-2-26

2.40.1.1.4.1 RETRATOS DE JOSÉ PARDO BAZÁN

Data/ano: [1860-1880]
Autor: Descoñecido/a
Título: Retrato de José Pardo Bazán.
Descrición: Retrato de estudo. Plano medio curto de José Pardo Bazán, de traxe e gravata escuros.
1 unidade; 8 x 11. Monocromo vertical.
Observacións: Forma parte dun conxunto de cinco retratos de José Pardo Bazán, montados no mesmo marco.
Localización: S-5-8
Exposicións: Exposición permanente Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.

Data/ano: [1860-1880]
Autor: Luis Sellier.
Título: Retrato de José Pardo Bazán.
Descrición: Retrato de estudo. Plano medio de José Pardo Bazán sentado, con chaqueta escura desabotoada na parte inferior e lazo.
1 unidade; 6 x 10. Monocromo vertical.
Observacións: Forma parte dun conxunto de cinco retratos de José Pardo Bazán, montados no mesmo marco.
Localización: S-6-13
Bibliografía: *Vida y obra literaria de Emilia Pardo Bazán* [Vídeo], guión, Margarita Almela, Ana María Freire; realización, Ricardo Groizard, Madrid, CEMAV, Universidad Nacional de Educación a Distancia, D.L. 1997.
Exposicións: Exposición permanente Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.

Data/ano: [1860-1880]
Autor: Descoñecido/a
Título: "Conde de Pardo Bazán".
Descrición: Retrato de estudo en óvalo. Plano medio curto de José Pardo Bazán, con chaqueta escura e lazo no pescozo.
1 unidade; 9 x 12. Monocromo vertical.
Localización: M-1-43

Data/ano: [1867-1880]
Autor: J. Laurent
Título: Retrato de José Pardo Bazán.
Descrición: Retrato de estudo. Plano enteiro de José Pardo Bazán, de pé con traxe e gravata. Á súa esquerda hai unha mesa con libros e un chapeu de copa, sobre a que el apoia a man esquerda.
1 unidade; 6 x 10. Monocromo vertical.
Observacións: Forma parte dun conxunto de cinco retratos de José Pardo Bazán montados no mesmo marco.
Localización: S-6-8
Exposicións: Exposición permanente da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.

- Data/ano:** [1867-1880]
Autor: Descoñecido/a
Título: Retrato de José Pardo Bazán.
Descrición: Retrato de estudo. Plano enteiro de José Pardo Bazán, de pé, apoiado do lado dereito contra unha balaustrada de decoración, coa man dereita no peto do pantalón retirando o gabán cara a atrás.
 1 unidade; 6 x 10. Monocromo vertical.
Observacións: Forma parte dun conxunto de cinco retratos de José Pardo Bazán, montados no mesmo marco.
Localización: S-6-11
Exposicións: Exposición permanente Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.
- Data/ano:** [1867-1880]
Autor: J. Laurent
Título: Retrato de José Pardo Bazán.
Descrición: Retrato de estudo en óvalo. Plano medio de José Pardo Bazán, con chaqueta e gravata escuras.
 1 unidade; 6 x 10. Monocromo vertical.
Observacións: Forma parte dun conxunto de cinco retratos de José Pardo Bazán montados no mesmo marco.
Localización: S-6-15
Exposicións: Exposición permanente Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.
- Data/ano:** [1867-1880]
Autor: J. Laurent
Título: Retrato de José Pardo Bazán.
Descrición: Retrato de estudo. Plano enteiro de José Pardo Bazán de pé, coa man dereita metida no peto do pantalón, retirando cara a atrás a chaqueta dese lado. Apoia o brazo esquerdo no respaldo dunha cadeira de madeira, no asento da cal está recollida a punta dunha cortina que cae dende o teito. Á dereita, parte dun decorado.
 1 unidade; 10 x 14. Monocromo vertical.
Localización: M-2-15
Bibliografía: BIBLIOTECA VIRTUAL MIGUEL DE CERVANTES. *Emilia Pardo Bazán: Retazos: [Videoteca]*. [en rede]. [Alicante]: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes. <http://cervantesvirtual.com/bib_autor:/pardo_bazan/videoteca.shtml> [Data de consulta 23/outubro/2003].
Exposicións: Exposición permanente Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.

2.40.1.1.4.2 RETRATOS DE AMALIA DE LA RÚA FIGUEROA

- Data/ano:** [1880-1885]
Autor: Avrillon
Título: Retrato de Amalia de la Rúa co seu neto Jaime.
Descrición: Retrato de estudo. Plano enteiro de Amalia de la Rúa vestida de escuro e sentada nunha cadeira a carón dunha mesa de madeira sobre a que hai un testo cunha planta. Ao outro lado, á esquerda, o seu neto Jaime Quiroga, de pé, apoiando o brazo dereito no colo de Amalia, cos pés cruzados e cun bastón nas mans.
1 unidade; 10 x 15. Monocromo vertical.
Localización: M-2-16
Bibliografía: BIBLIOTECA VIRTUAL MIGUEL DE CERVANTES. *Emilia Pardo Bazán: Retazos: [Videoteca].* [en rede]. [Alicante]: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes. <http://cervantesvirtual.com/bib_autor:pardo_bazan/videoteca.shtml> [Data de consulta 23/outubro/2003].
Exposicións: Exposición permanente Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.

- Data/ano:** [1880-1885]
Autor: Avrillon
Título: Amalia de la Rúa cos seus netos Jaime e Blanca.
Descrición: Retrato de estudo. Plano enteiro de Amalia de la Rúa, sentada cun pano branco cubríndolle a cabeza e vestida cun traxe escuro, e Blanca, aínda bebé, espida, no seu colo, sentada sobre a súa perna dereita. Á súa esquerda, o seu neto Jaime, vestido de San Xoán Bautista cun pelullo sobre o corpo, medio deitado sobre ela, suxeita unha cruz coa man dereita. Á esquerda do grupo, un testo cunha planta.
1 unidade; 10 x 15. Monocromo vertical.
Localización: M-1-58, M-2-18
Bibliografía: BIBLIOTECA VIRTUAL MIGUEL DE CERVANTES. *Emilia Pardo Bazán: Retazos: [Videoteca].* [en rede]. [Alicante]: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes. <http://cervantesvirtual.com/bib_autor:pardo_bazan/videoteca.shtml> [Data de consulta 23/outubro/2003].
Exposicións: Exposición permanente Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.

- Data/ano:** [1900-1915]
Autor: Descoñecido/a
Título: Retrato de Amalia de la Rúa Figueroa.
Descrición: Primeiro plano grande de Amalia de la Rúa, vestida de escuro e co pelo recollido.
1 unidade; 7 x 10. Monocromo vertical.
Localización: S-4-90

Data/ano: [1900-1915]
Autor: Descoñecido/a
Título: Retrato de Amalia de la Rúa.
Descrición: Retrato de estudo. Plano medio curto de Amalia de la Rúa, cun vestido escuro con colo de encaixe e un lazo no pescozo, coa cabeza virada cara á dereita e ollando nesa dirección. 1 unidade; 11 x 15. Monocromo vertical.
Localización: M-2-12
Bibliografía: BIBLIOTECA VIRTUAL MIGUEL DE CERVANTES. *Emilia Pardo Bazán: Retazos: [Videoteca]*. [en rede]. [Alicante]: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes. <http://cervantesvirtual.com/bib_autor/pardo_bazan/videoteca.shtml> [Data de consulta 23/outubro/2003].
Exposicións: Exposición permanente da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.

Data/ano: [1900-1915]
Autor: Descoñecido/a
Título: "Condesa de Pardo Bazán".
Descrición: Retrato de estudo circular. Primeiro plano de Amalia de la Rúa Figueroa, coa cabeza virada cara á dereita e ollando nesa dirección. 1 unidade; 9 x 12. Monocromo vertical.
Localización: M-1-42

Data/ano: [1911]
Autor: Descoñecido/a
Título: Retrato de Amalia de la Rúa Figueroa.
Descrición: Retrato de estudo. Plano enteiro de Amalia de la Rúa Figueroa, de pé, cun abrigo escuro, un colar moi longo de cor clara e un chapeu cunha flor branca no lado dereito atado no pescozo. Apoia as mans no respaldo dunha butaca, á súa esquerda, e sostén nelas un bolsiño pequeno. Ten a cabeza virada cara á dereita. 1 unidade; 11 x 22. Monocromo vertical.
Localización: M-2-11
Exposicións: Exposición permanente da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.

2.40.1.1.4.3 RETRATOS DE EMILIA PARDO BAZÁN

- Data/ano:** [1863-1867]
Autor: Luis Sellier e Avrillon
Título: Retrato de Emilia Pardo Bazán nena.
Descrición: Retrato de estudo. Plano enteiro de Emilia Pardo Bazán, nena, de pé, medio deitada sobre o respaldo dunha cadeira de madeira, que sostén á súa dereita sobre dúas patas, cun vestido de cor clara.
Dedicatoria no reverso "Al Sr. Canuto Berea, su discípula, Emilia Pardo Bazán".
1 unidade; 6 x 10. Monocromo vertical.
Localización: S-6-18
Bibliografía: *La Tribuna: cadernos de estudo da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán*, n. 1 (2003)
- Data/ano:** [1874]
Autor: Descoñecido/a
Título: "Doña Emilia Pardo Bazán, a los 23 años".
Descrición: Retrato de estudo en óvalo. Plano medio de Emilia Pardo Bazán, vestida cun traxe escuro de manga curta, con peita e mantilla.
1 unidade; 11 x 14. Monocromo vertical.
Localización: L-2-31
Bibliografía: *Boletín da Real Academia Galega*, t. XXII, n. 139 (1 de xuño de 1921), p. 249.
FAUS, Pilar, *Emilia Pardo Bazán: su época, su vida, su obra*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2003, 2 v.
BIBLIOTECA VIRTUAL MIGUEL DE CERVANTES. *Emilia Pardo Bazán: Retazos: [Videoteca]*. [en rede]. [Alicante]: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes. <http://cervantesvirtual.com/bib_autor/pardo_bazan/videoteca.shtml> [Data de consulta 23/outubro/2003].
Exposicións: Exposición permanente Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.

Data/ano: [1875-1885]
Autor: E. Otero (Madrid)
Título: Retrato de Emilia Pardo Bazán.
Descrición: Retrato de estudo. Plano enteiro de Emilia Pardo Bazán, de pé, vestida cun traxe de cor escura, e un lazo escuro no pelo. Apoía o cóbado dereito na parte máis alta do respaldo dunha cadeira, sobre o asento da cal hai un libro cerrado. O brazo esquerdo colga ao lado do corpo sobre o vestido. Ten a cabeza virada cara á esquerda e ollando nesa dirección.
1 unidade; 11 x 16. Monocromo vertical.
Localización: Z-2-4C
Bibliografía: *Vida y obra literaria de Emilia Pardo Bazán* [Vídeo], guión, Margarita Almela, Ana María Freire; realización, Ricardo Groizard, Madrid, CEMAV, Universidad Nacional de Educación a Distancia, D.L. 1997.
BIBLIOTECA VIRTUAL MIGUEL DE CERVANTES. *Emilia Pardo Bazán: Retazos: [Videoteca]*. [en rede]. [Alicante]: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes. <http://cervantesvirtual.com/bib_autor/pardo_bazan/videoteca.shtml> [Data de consulta 23/outubro/2003].
Exposicións: Exposición permanente da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.

Data/ano: [1875-1890]
Autor: Descoñecido/a
Título: Retrato de Emilia Pardo Bazán con chapeu.
Descrición: Retrato de estudo en óvalo. Plano medio curto de Emilia Pardo Bazán, no perfil esquerdo, cunha blusa de cor clara e un chapeu tipo "paxe", escuro e cunha pena grande.
1 unidade; 6 x 9. Monocromo vertical.
Observacións: Forma parte dun conxunto de seis retratos de Emilia Pardo Bazán montados no mesmo marco.
Localización: S-6-16
Exposicións: Exposición permanente da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.

Data/ano: [1876-1886]
Autor: Eugenio Lanelongue
Título: Retrato de Emilia Pardo Bazán, de moza.
Descrición: Retrato de estudo en óvalo. Plano medio curto de Emilia Pardo Bazán, en posición medio lateral coa cara virada cara á fronte. Leva un traxe de encaixe escuro con mantilla.
Inscripción no reverso: "Souvenir a Mme la Ctsse. de Algarra".
1 unidade; 6 x 10. Monocromo vertical.
Observacións: Forma parte dun conxunto de seis retratos de Emilia Pardo Bazán montados no mesmo marco.
Localización: S-6-9
Bibliografía: *Vida y obra literaria de Emilia Pardo Bazán* [Vídeo], guión, Margarita Almela, Ana María Freire; realización, Ricardo Groizard, Madrid, CEMAV, Universidad Nacional de Educación a Distancia, D.L. 1997.
Exposicións: Exposición permanente da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.

Data/ano: [1876-1886]

Autor: Eugenio Lanelongue

Título: Retrato de Emilia Pardo Bazán, de moza.

Descrición: Retrato de estudo. Plano enteiro lateral de Emilia Pardo Bazán, diante dun decorado, cun vestido de cola e con mantilla. Ten as mans cruzadas sobre o colo, e a cara virada cara á fronte coa ollada perdida.

1 unidade; 7 x 11. Monocromo vertical.

Observacións: Forma parte dun conxunto de seis retratos de Emilia Pardo Bazán montados no mesmo marco.

Localización: S-6-10

Exposicións: Exposición permanente Casa Museo Emilia Pardo Bazán.

Data/ano: [1880-1890]

Autor: Descoñecido/a

Título: Retrato de Emilia Pardo Bazán.

Descrición: Retrato de estudo en óvalo. Plano medio curto do perfil dereito de Emilia Pardo Bazán moza, vestida cunha camisa de cor clara, cunha flor no peito, e cunha fita escura no pescozo sobre a que leva un broche con forma de paxaro.

1 unidade; 6 x 9. Monocromo vertical.

Observacións: Forma parte dun conxunto de seis retratos de Emilia Pardo Bazán montados no mesmo marco.

Localización: S-6-17

Bibliografía: BIBLIOTECA VIRTUAL MIGUEL DE CERVANTES. *Emilia Pardo Bazán: Retazos: [Videoteca]*. [en rede]. [Alicante]: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes. <http://cervantesvirtual.com/bib_autor/pardo_bazan/videoteca.shtml> [Data de consulta 23/outubro/2003].

Exposicións: Exposición permanente da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.

Data/ano: [1880-1890]

Autor: Descoñecido/a

Título: Retrato de Emilia Pardo Bazán.

Descrición: Retrato de estudo. Plano medio curto de Emilia Pardo Bazán virada cara á dereita, cun traxe claro e unha fita escura no pescozo, sobre a que leva un broche con forma de paxaro.

1 unidade; 6 x 9. Monocromo vertical.

Observacións: Forma parte dun conxunto de seis retratos de Emilia Pardo Bazán montados no mesmo marco.

Localización: S-6-12

Exposicións: Exposición permanente Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.

Data/ano: [1880-1900]
Autor: Descoñecido/a
Título: Retrato de Emilia Pardo Bazán.
Descrición: Retrato de estudo. Plano medio de Emilia Pardo Bazán, coa cabeza virada cara á esquerda vestida cun corpiño bordado. 1 unidade; 10 x 14. Monocromo vertical.
Localización: S-5-7
Exposicións: Exposición permanente da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.

Data/ano: [1888-1890]
Autor: Valentín Mendía
Título: Retrato de Emilia Pardo Bazán.
Descrición: Retrato de estudo. Plano enteiro lateral de Emilia Pardo Bazán, coa cabeza virada cara á fronte, cun traxe de cola de cor clara e coa saia bordada. Leva as mans collidas sobre a cintura. 1 unidade; 16 x 22. Monocromo vertical.
Localización: L-3-2

Data/ano: [1888-1890]
Autor: Descoñecido/a
Título: Retrato de Emilia Pardo Bazán.
Descrición: Retrato de estudo. Plano medio lateral de Emilia Pardo Bazán de moza, sentada de perfil esquerdo, cun vestido de cor clara bordado na saia e no peito, e as mans cruzadas no colo. 1 unidade; 6 x 9. Monocromo vertical.
Observacións: Forma parte dun conxunto de seis retratos de Emilia Pardo Bazán montados no mesmo marco. Probabelmente o fotógrafo sexa Valentín Mendía.
Localización: S-6-14
Exposicións: Exposición permanente da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.

Data/ano: [1890-1910]
Autor: Compañía Fotográfica (Madrid)
Título: Retrato de Emilia Pardo Bazán.
Descrición: Retrato de estudo. Plano enteiro de Emilia Pardo Bazán, sentada nunha cadeira de brazos, medio deitada cara á dereita deixa caer a man esquerda sobre a saia. Leva un traxe escuro e un chapeu adornado con flores e penas. 1 unidade; 9 x 18. Monocromo vertical.
Localización: L-2-11
Bibliografía: *Vida y obra literaria de Emilia Pardo Bazán* [Vídeo], guión, Margarita Almela, Ana María Freire; realización, Ricardo Groizard, Madrid, CEMAV, Universidad Nacional de Educación a Distancia, D.L. 1997.
BIBLIOTECA VIRTUAL MIGUEL DE CERVANTES. *Emilia Pardo Bazán: Retazos: [Videoteca]*. [en rede]. [Alicante]: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes. <http://cervantesvirtual.com/bib_autor/pardo_bazan/videoteca.shtml> [Data de consulta 23/outubro/2003].
Exposicións: Exposición permanente da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.

- Data/ano:** [1890-1910]
Autor: Descoñecido/a
Título: Retrato de Emilia Pardo Bazán.
Descrición: Retrato de estudo. Plano medio curto de Emilia Pardo Bazán, ollando cara á esquerda. Leva unha chaqueta decorada con pedrería e un chapeu con veo sobre a cara, penas e gasas anoadas baixo o pescozo.
1 unidade; 16 x 22. Monocromo vertical.
Localización: AL-1-35, L-2-13
Bibliografía: FAUS, Pilar, *Emilia Pardo Bazán: su época, su vida, su obra*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2003, 2 v. BIBLIOTECA VIRTUAL MIGUEL DE CERVANTES. *Emilia Pardo Bazán: Retazos: [Videoteca]*. [en rede]. [Alicante]: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes. <http://cervantesvirtual.com/bib_autor/pardo_bazan/videoteca.shtml> [Data de consulta 23/outubro/2003].
Exposicións: Exposición permanente da Casa-Museo Emilia Pardo Bazan.

2.40.1.1.4.4 RETRATOS DE JOSÉ QUIROGA PÉREZ

- Data/ano:** [1870-1873]
Autor: L. W. Kurtz
Título: "Retrato de José Quiroga Pérez".
Descrición: Retrato de estudo. Plano 3/4 de José Quiroga Pérez de Deza, de pé, cun gabán escuro e un chapeu de copa na man esquerda, ten o brazo dereito cruzado detrás das costas. Á dereita, o respaldo dunha cadeira de madeira tallada.
1 unidade; 11 x 14. Monocromo vertical.
Localización: M-2-27
- Data/ano:** [1870-1880]
Autor: J. Palmeiro e Hijos (Santiago de Compostela)
Título: Retrato de José Quiroga Pérez de Deza.
Descrición: Retrato de estudo. Plano medio curto de José Quiroga, en posición frontal ollando á esquerda.
1 unidade; 10 x 14. Monocromo vertical.
Localización: M-6-11
- Data/ano:** [1870-1885]
Autor: E. Otero (Madrid)
Título: Retrato de José Quiroga.
Descrición: Retrato de estudo. Plano enteiro de José Quiroga, de pé, vestido cun frac. Apoia o brazo dereito sobre o respaldo dunha cadeira, que ten un chapeu de copa no asento. Na man esquerda leva un bastón. Detrás del, na dereita, unhas cortinas.
1 unidade; 11 x 16. Monocromo vertical.
Localización: M-2-36

Data/ano: [1870-1885]
Autor: Descoñecido/a
Título: Retrato de José Quiroga.
Descrición: Retrato de estudo. Plano enteiro de José Quiroga de pé, cun gabán de cor clara e pantalóns de raias. Leva a man dereita metida no peto do pantalón, retirando cara a atrás o gabán, na esquerda leva un bastón. Á súa esquerda hai unha cadeira de madeira e ao fondo, un decorado cunha cheminea.
1 unidade; 10 x 14. Monocromo vertical.
Localización: S-5-9

2.1.1.4.5 RETRATOS DE JAIME QUIROGA PARDO-BAZÁN

Data/ano: [1879-1881]
Autor: Descoñecido/a
Título: "Jaime".
Descrición: Retrato de estudo. Primeiro plano de Jaime Quiroga Pardo-Bazán neno, en posición lateral dereita, vestido cunha chaqueta de veludo de colos moi anchos e cor escura.
1 unidade; 4 x 6. Monocromo vertical.
Observacións: Na portada da obra de Emilia Pardo Bazán: *Jaime*, edición non venal, Madrid, Imp. de A. J. Alaría, 1881.
Localización: Biblioteca da Real Academia Galega.

Data/ano: [1880-1881]
Autor: Avrillon
Título: Retrato de Jaime Quiroga Pardo-Bazán, de neno.
Descrición: Retrato de estudo en óvalo. Plano medio curto de Jaime Quiroga de neno, cun chapeu, un enorme colo de cor clara cun lazo e as mans cruzadas diante do corpo pousadas encol dunha mesa.
1 unidade; 10 x 15. Monocromo vertical.
Localización: M-2-34
Bibliografía: FAUS, Pilar, *Emilia Pardo Bazán: su época, su vida, su obra*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2003, 2 v.

- Data/ano:** [1880-1886]
Autor: Descoñecido/a
Título: Jaime Quiroga de neno, vestido de San Xoán Bautista.
Descrición: Retrato de estudo. Plano enteiro de Jaime Quiroga Pardo-Bazán de neno, de pé, vestido de San Xoán Bautista. Leva un pelello cubríndolle o corpo e unha cruz moito máis alta ca el que suxeita coas dúas mans. Á esquerda, un testo cunha planta.
 1 unidade; 10 x 15. Monocromo vertical.
Localización: S-5-6
Bibliografía: BIBLIOTECA VIRTUAL MIGUEL DE CERVANTES. *Emilia Pardo Bazán: Retazos: [Videoteca]*. [en rede]. [Alicante]: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes. <http://cervantesvirtual.com/bib_autor/pardo_bazan/vidoteca.shtml> [Data de consulta 23/outubro/2003].
Exposicións: Exposición permanente da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.
- Data/ano:** [1881-1884]
Autor: Descoñecido/a
Título: Retrato de Jaime Quiroga Pardo-Bazán.
Descrición: Retrato de estudo. Plano enteiro de Jaime Quiroga Pardo-Bazán de neno, vestido cun traxe escuro, sentado no respaldo dun reclinatorio, cunha perna colgando á esquerda e a dereita apoiada no asento. Apoiá unha man diante do corpo, no reclinatorio, e a outra sobre a perna dereita.
 1 unidade; 11 x 17. Monocromo vertical.
Localización: M-2-25
- Data/ano:** [1900-1910]
Autor: Franzen
Título: Retrato de Jaime Quiroga Pardo-Bazán.
Descrición: Retrato de estudo. Plano enteiro de Jaime Quiroga, de pé, vestido cun uniforme militar de gala. Leva unhas botas de montar e na man dereita, unhas luvas e unha espada. O brazo esquerdo cae parello ao corpo. Na cabeza, un chapeu con penas.
 1 unidade; 12 x 18. Monocromo vertical.
Localización: L-4-3
- Data/ano:** [1920-1936]
Autor: Descoñecido/a
Título: Retrato de Jaime Quiroga Pardo-Bazán.
Descrición: Fragmento dunha imaxe máis grande. Plano medio de Jaime Quiroga Pardo-Bazán, vestido de traxe. Ten a man dereita agarrada a un tirante, retirando a chaqueta cara a atrás deste lado. Á esquerda aparece un ombro doutra persoa. Abaixo, unha calva de perfil. No fondo, as árbores.
 1 unidade; 6 x 8. Monocromo vertical.
Localización: S-4-89

2.40.1.1.4.6 RETRATOS DE CARMEN QUIROGA PARDO-BAZÁN

- Data/ano:** [1885-1895]
Autor: Avrillon
Título: Retrato de Carmen Quiroga, de nena.
Descrición: Retrato de estudo. Plano enteiro de Carmen Quiroga, de nena, de pé, vestida cun abrigo escuro, luvas e un chapeu escuro cunha pena branca. Apoia o brazo dereito sobre unha mesa de madeira.
1 unidade; 10 x 15. Monocromo vertical.
Localización: M-2-10, S-5-10
- Data/ano:** [1889-1907]
Autor: Descoñecido/a
Título: "María".
Descrición: Retrato de estudo circular. Plano medio longo de María (probabelmente Carmen Quiroga) moza, de pé en posición lateral, cun vestido de cor clara escotado, as mans cruzadas sobre o colo e a cabeza virada á fronte.
1 unidade; 8 x 8. Monocromo.
Localización: S-5-5
- Data/ano:** [1907]
Autor: Descoñecido/a
Título: "Fernandito a los siete meses".
Descrición: Retrato de estudo. Plano enteiro de María (probabelmente Carmen Quiroga), de pé, en posición lateral, coa cabeza virada cara á fronte, cun vestido escuro, sostendo á súa dereita un bebé vestido de branco, que está sentado nun tallo alto, debaixo do que hai unhas flores.
1 unidade; 12 x 19. Monocromo vertical.
Localización: M-2-17
Bibliografía: BIBLIOTECA VIRTUAL MIGUEL DE CERVANTES. *Emilia Pardo Bazán: Retazos: [Videoteca].* [en rede]. [Alicante]: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes. <http://cervantesvirtual.com/bib_autor:/pardo_bazan/videoteca.shtml> [Data de consulta 23/outubro/2003].
Exposicións: Exposición permanente Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.
- Data/ano:** [1925]
Autor: Rul•Lan
Título: Retrato de Carmen Quiroga.
Descrición: Retrato de estudo. Plano medio curto lateral, coa cabeza virada cara á fronte, de Carmen Quiroga Pardo-Bazán, cun chapeu escuro que lle cubre todo o pelo, e un colar de perlas. Dedicatoria no anverso: "Para mi querido sobrino Jaimito de su tita que mucho le quiere. Carmen. 6-Diciembre-1925". Ademais, na parte superior e con outra letra: "30 - V - 1935".
1 unidade; 11 x 16. Monocromo vertical.
Localización: L-2-21

2.40.1.1.4.7 RETRATOS DE BLANCA QUIROGA PARDO-BAZÁN

- Data/ano:** [1880-1881]
Autor: Avrillon
Título: Retrato de Blanca Quiroga, de bebé.
Descrición: Retrato de estudo en óvalo. Plano medio de Blanca Quiroga, bebé, cun vestido de cor clara cunha enorme faixa escura ao redor da cintura e un chapeu de encaixe atado debaixo do queixo.
1 unidade; 10 x 15. Monocromo vertical.
Localización: M-2-35
Bibliografía: FAUS, Pilar, *Emilia Pardo Bazán: su época, su vida, su obra*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2003, 2 v.
- Data/ano:** [1892]
Autor: Sociedad Artístico-Fotográfica (Madrid)
Título: Retrato de Blanca Quiroga.
Descrición: Retrato de estudo. Plano enteiro lateral de Blanca Quiroga, de pé, coa cabeza virada cara á fronte, viste un traxe branco, cun lazo que cae dende a caluga aos nocellos sobre as costas, perruca branca e luvas longas tamén brancas. Coa man dereita suxeita a saia do vestido, para ensinar o pé do mesmo lado. Na man esquerda leva un abano aberto xusto a rentes da face.
1 unidade; 10 x 19. Monocromo vertical.
Localización: M-2-24
- Data/ano:** [1900]
Autor: Antonio Portela
Título: "Blanca, 1900".
Descrición: Retrato de estudo. Plano enteiro de Blanca Quiroga de pé, disfrazada cun traxe de época de cor clara, cun polisón, moitas flores na saia, un corsé moi cinguido, unha perruca branca cun lazo e un feixe de penas de cores. Leva as mans cruzadas no colo e na esquerda sostén un abano entreaberto. Vira a cabeza cara ao lado esquerdo.
1 unidade; 13 x 20. Monocromo vertical.
Localización: M-2-26
Bibliografía: BIBLIOTECA VIRTUAL MIGUEL DE CERVANTES. *Emilia Pardo Bazán: Retazos: [Videoteca]*. [en rede]. [Alicante]: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes. <http://cervantesvirtual.com/bib_autor/pardo_bazan/videteoca.shtml> [Data de consulta 23/outubro/2003].

Data/ano: [1900-1905]
Autor: Descoñecido/a
Título: Blanca disfrazada de pastora.
Descrición: Retrato de estudo. Plano enteiro de Blanca Quiroga, de pé, cunha saia branca e un mandil de lunares, leva un xustillo negro sobre unha blusa tamén de lunares, e un chapeu cónico de volantes cun lazo negro na punta. Medio ladeada, coas mans apoiadas na parte traseira das cadeiras, olla á fronte. Ao fondo un decorado con motivos boscosos.
1 unidade; 9 x 17. Monocromo vertical.

Localización: M-1-49
Bibliografía: FAUS, Pilar, *Emilia Pardo Bazán: su época, su vida, su obra*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2003, 2 v.

Data/ano: [1904]
Autor: Franzen
Título: "No olvides a esta morita que te quiere muchísimo. Blanca"
Descrición: Retrato de estudo. Plano enteiro de Blanca Quiroga disfrazada de "moura", axeonllada encol de dous coxíns e cos brazos cruzados aos ombreiros. Ten a ollada perdida cara ao ceo, e leva un toucado de perlas, penas e tules.
1 unidade; 10 x 18. Monocromo vertical.

Localización: M-2-33
Bibliografía: BIBLIOTECA VIRTUAL MIGUEL DE CERVANTES. *Emilia Pardo Bazán: Retazos: [Videoteca]*. [en rede]. [Alicante]: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes. <http://cervantesvirtual.com/bib_autor/pardo_bazan/videoteca.shtml> [Data de consulta 23/outubro/2003].

Exposicións: Exposición permanente da Casa-Museo Emilia Pardo Bazan.

Data/ano: [1905]
Autor: Descoñecido/a
Título: "Blanca, 1905".
Descrición: Retrato de estudo. Plano enteiro de Blanca Quiroga, de pé, vestida cun traxe escuro, con flores no bordo do escote. Leva as mans cruzadas no colo e sostén nelas un enorme ramo de flores que cae case até o chan.
1 unidade; 12 x 19. Monocromo vertical.

Localización: M-1-(50 - 51)
Bibliografía: FAUS, Pilar, *Emilia Pardo Bazán: su época, su vida, su obra*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2003, 2 v.

Data/ano: [1905-1915]
Autor: Descoñecido/a
Título: "Blanca".
Descrición: Retrato de estudo. Plano enteiro lateral de Blanca Quiroga, de pé, disfrazada "de época" cun vestido de cor clara, cos puños moi longos, apoia ambas as mans (con luvas) sobre o pé dunha columna de decoración á súa dereita, e entre elas sostén un abano. Leva moitas xoias sobre o peito, unha perruca de cor clara con xoias entrelazadas e unha enorme pena branca. Da columna cae unha grilanda de flores e follas. Ao fondo, un decorado fotográfico de motivos neoclásicos.
1 unidade; 13 x 20. Monocromo vertical.
Localización: AL-1-39

Data/ano: [1909]
Autor: Pol Fotografía Artística (Madrid)
Título: "María 1909".
Descrición: Retrato de estudo. Plano medio curto de Blanca Quiroga, en posición frontal coa cabeza virada cara á dereita. Leva un vestido de encaixe de cor clara, un crucifixo e un broche sobre o peito, e o pelo recollido cunha fita.
1 unidade; 13 x 20. Monocromo vertical.
Localización: L-2-14
Exposicións: Exposición permanente da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.

Data/ano: [1915-1925]
Autor: Descoñecido/a
Título: Retrato de Blanca Quiroga.
Descrición: Retrato de estudo. Plano 3/4 de Blanca Quiroga sentada nun banco de madeira, cun vestido de cor clara, un lazo no pelo e un colar longo sobre o peito. Ten o brazo dereito estricado sobre o respaldo do banco, e o esquerdo agarrando o repousabrazos. Na parte dereita, unhas grilandas de hedra cobren o banco.
1 unidade; 35 x 42. Monocromo vertical.
Localización: PL-18-4

Data/ano: [1940-1944]
Autor: Descoñecido/a
Título: Retrato de Blanca Quiroga.
Descrición: Retrato de estudo. Plano medio curto de Blanca Quiroga, con traxe escuro, un colar de perlas e un broche sobre o peito.
1 unidade; 3 x 4. Monocromo vertical.
Observacións: Fotografía incluída nun carné da Cruz Vermella Española.
Localización: S-3-84

2.40.1.1.4.8 RETRATOS DE JOSÉ CAVALCANTI

- Data/ano:** [1910]
Autor: Káulak
Título: "A Pepe Quiroga de su futuro hijo político".
Descripción: Retrato de estudo. Plano 3/4 de José Cavalcanti sentado sobre un muro de decorado, vestido con uniforme militar de gala, leva no peito diversas medallas e condecoracións. Encol das pernas suxeita un sabre coas dúas mans, na esquerda suxeita, ademais, unha luva.
1 unidade; 13 x 20. Monocromo horizontal.
Localización: L-2-10
- Data/ano:** [1910-1920]
Autor: Káulak
Título: Retrato de José Cavalcanti.
Descripción: Retrato de estudo. Plano 3/4 de José Cavalcanti vestido con uniforme militar de gala. Na man dereita, en primeiro plano, sostén un sabre. Na esquerda, sostén unha pucha. No peito leva unha condecoración.
1 unidade; 17 x 23. Monocromo vertical.
Localización: XL-3-(11, 19)
Bibliografía: FAUS, Pilar, *Emilia Pardo Bazán: su época, su vida, su obra*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2003, 2 v.
- Data/ano:** [1919]
Autor: Descoñecido/a
Título: Retrato de José Cavalcanti.
Descripción: Retrato de estudo. Plano 3/4 de José Cavalcanti, de pé, co ollar perdido cara á dereita, vestido con traxe militar, cunha condecoración no peito. Leva os brazos caídos aos lados do corpo e sostén un sabre coa man dereita.
1 unidade; 13 x 18. Monocromo vertical.
Localización: M-1-48
- Data/ano:** [1920-1930]
Autor: Descoñecido/a
Título: Retrato de José Cavalcanti.
Descripción: Retrato de estudo. Plano medio curto lateral de José Cavalcanti, ollando de fronte, vestido cunha chaqueta de uniforme militar e no peito, en primeiro plano, varias condecoracións.
1 unidade; 18 x 24. Monocromo vertical.
Localización: L-2-12

Data/ano: [1920-1930]
Autor: Franzen
Título: Retrato de José Cavalcanti.
Descrición: Retrato de estudo. Plano enteiro de José Cavalcanti, vestido con traxe militar e botas de montar. Leva unha condecoración no lado esquerdo do peito e un sabre na man dese mesmo lado.
1 unidade; 18 x 24. Monocromo vertical.
Localización: XL-3-9

Data/ano: [1920-1935]
Autor: Descoñecido/a
Título: Retrato de José Cavalcanti.
Descrición: Plano enteiro de José Cavalcanti nun exterior, vestido con uniforme militar de gala. Leva no peito diversas condecoracións, cunha banda cruzada, luvas, un sabre na man dereita e un casco con moitas penas. Detrás del, ao fondo, vese un muro, á dereita o marco dunha porta de tixolos. Á esquerda hai unha reixa de tea metálica.
1 unidade; 8 x 11. Monocromo vertical.
Localización: S-3-86

Data/ano: [1936]
Autor: Casa Salvador (Porto)
Título: Retrato de José Cavalcanti.
Descrición: Retrato de estudo. Plano medio curto de José Cavalcanti, con chaqueta de raías e paxarela.
1 unidade; 4 x 6. Monocromo vertical.
Localización: S-4-88

2.40.1.1.4.9 RETRATOS DE JAIME QUIROGA ESTEBAN-COLLANTES

Data/ano: [1920-1925]
Autor: Franzen
Título: Retrato de Jaime Quiroga Esteban-Collantes, de neno.
Descrición: Retrato de estudo. Plano enteiro de Jaime Quiroga, de pé, coas mans cruzadas detrás das costas, vestido cun traxe de veludo escuro de pantalón curto, cunha medalla sobre o peito.
1 unidade; 9 x 17. Monocromo vertical.
Localización: L-2-19

- Data/ano:** [1921-1925]
Autor: Káulak
Título: Retrato de Jaime Quiroga Esteban-Collantes vestido con xilaba.
Descrición: Retrato de estudo. Plano enteiro de Jaime Quiroga Esteban-Collantes de neno, de pé, vestido cunha xilaba de cor clara, babuchas, un bolsiño cruzado no peito, e un fez na cabeza. Coa man esquerda agarra a baraza do bolsiño, e a dereita repousa sobre este. No fondo, un decorado de paisaxe campío.
1 unidade; 8 x 11. Monocromo vertical.
Localización: M-1-(46-47)
- Data/ano:** [1922-1927]
Autor: Descoñecido/a
Título: Jaime Quiroga Esteban-Collantes, neno.
Descrición: Plano 3/4 de Jaime Quiroga Esteban-Collantes, de neno, apoiado contra unha parede branca, leva unha camisa de cor clara con gravata metida por dentro da cintura do pantalón, e un cinto moi apertado. Agocha as mans detrás do corpo.
1 unidade; 9 x 12. Monocromo vertical.
Localización: S-3-87
- Data/ano:** [1925-1931]
Autor: Káulak
Título: Retrato de Jaime Quiroga Esteban-Collantes.
Descrición: Retrato de estudo. Plano enteiro de Jaime Quiroga, de pé, vestido cun traxe rexional, con faixa, chaqueta curta, chapeu de aba ancha na man esquerda, pendurado a rentes das pernas, unha capa dobrada no brazo dereito e bastón longo na man dese brazo.
1 unidade; 7 x 11. Monocromo vertical.
Localización: M-1-45
- Data/ano:** [1927-1936]
Autor: Descoñecido/a
Título: Retrato de Jaime Quiroga Esteban-Collantes.
Descrición: Retrato de estudo. Primeiro plano de Jaime Quiroga Esteban-Collantes, adolescente, vestido con traxe e gravata.
1 unidade; 4 x 5. Monocromo vertical.
Localización: S-4-86

Data/ano: [1933-1936]
Autor: Descoñecido/a
Título: Retrato de Jaime Quiroga Esteban-Collantes.
Descrición: Retrato de estudo. Plano medio curto de Jaime Quiroga Esteban-Collantes, vestido cun traxe de raias, con gravata, e a cabeza virada cara á esquerda ollando nesa dirección.
1 unidade; 15 x 22. Monocromo vertical.
Localización: M-1-40
Bibliografía: FAUS, Pilar, *Emilia Pardo Bazán: su época, su vida, su obra*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2003, 2 v. BIBLIOTECA VIRTUAL MIGUEL DE CERVANTES. *Emilia Pardo Bazán: Retazos: [Videoteca]*. [en rede]. [Alicante]: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes. <http://cervantesvirtual.com/bib_autor/pardo_bazan/videteoca.shtml> [Data de consulta 23/outubro/2003].
Exposicións: Exposición permanente Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.

Data/ano: [1934-1936]
Autor: Descoñecido/a
Título: Retrato de Jaime Quiroga Esteban-Collantes.
Descrición: Tira de dúas fotos tamaño carné. Retrato de estudo, plano medio curto de Jaime Quiroga Esteban-Collantes, con abrigo escuro, gravata e chapeu.
1 unidade; 4 x 11. Monocromo vertical.
Localización: S-4-87

2.40.1.1.4.10 OUTROS RETRATOS

Data/ano: 14-5-1883
Autor: Descoñecido/a
Título: "Blanca y Carmen", "Amalia, Vicenta, Blanca, Carmen y Benita".
Descrición: a) Plano enteiro de Carmen Quiroga, con tres anos, sentada nunha cadeira, vestida cun traxe de cor clara e agarrada cunhas fitas polo peito ao respaldo da cadeira. Á súa dereita, de pé, tamén vestida cun traxe de cor clara, Blanca Quiroga, con catro anos.
b) Plano enteiro dun grupo de mulleres concentradas ao redor dunha cadeira onde está sentada Carmen Quiroga de nena, vestida cun traxe de cor clara e agarrada cunhas fitas polo peito ao respaldo da cadeira. Á súa esquerda, de pé, cun mantelo de lá e un vestido de flores, Vicenta de la Rúa Figueroa, detrás Amalia de la Rúa-Figueroa, de pé. Diante e axeonllada Benita [?], que sostén no seu colo a Blanca.
1 unidade; 10 x 15 e 8 x 15. Monocromo vertical.
Observación: Forma parte dun conxunto de tres fotografías pegadas sobre un mesmo papel.
Localización: L-3-4

Data/ano: [1900-1910]
Autor: Descoñecido/a
Título: Retrato de muller non identificada.
Descrición: Plano enteiro dunha muller de idade avanzada (probabelmente Vicenta de la Rúa-Figueroa), vestida cun traxe negro plisado moi longo, cun pano atado no pescozo, sentada nunha cadeira de madeira nun interior, coa man esquerda sobre o seu colo e a dereita apoiada nun brazo da cadeira.
Á esquerda vese o cabo dun pano que cobre unha mesa de braseiro. Á dereita, unha xanela, cunha persiana baixa e a outra entreaberta, diante da cal hai un tallo. Ao fondo, unha mesiña cun testro cunha planta.
1 unidade; 13 x 23. Monocromo vertical.
Localización: L-2-23

Data/ano: [1910-1930]
Autor: Descoñecido/a
Título: Bebé no xardín do pazo de Meirás.
Descrición: Plano curto dun bebé, no exterior do Pazo de Meirás, vestido cun mono de cor clara, erguendo os brazos para situar as mans detrás das orellas. Ao fondo, a fachada principal do pazo, coa sombra das árbores caendo sobre a entrada á capela.
1 unidade; 9 x 14. Monocromo vertical.
Localización: S-1-59

Data/ano: [1917-1932]
Autor: César
Título: Carmen, Blanca e Jaime Quiroga Esteban-Collantes.
Descrición: Plano enteiro de: (de esquerda a dereita) Carmen Quiroga, Blanca Quiroga, as dúas de chapeu e bolsiño, e o seu sobriño Jaime Quiroga, aínda neno, de pantalóns curtos, agarrando os tirantes con cadansúa man, todos de pé, nun exterior non identificado. Detrás deles enxérgase un paseo forestado.
1 unidade; 9 x 14. Monocromo vertical.
Localización: S-2-57

Data/ano: [1940-1950]
Autor: Descoñecido/a
Título: "Mi sobriño Jorge Vargas y Quiroga a los 3 años en Oleiros".
Descrición: Plano enteiro de Jorge Vargas Quiroga, con tres anos, de pé, cun chapeu e un pantalón de peto, detrás dunha planta, nun xardín, agarrando algunhas follas coas mans.
1 unidade; 9 x 14. Monocromo vertical.
Localización: AL-1-41

Data/ano: [1940-1950]
Autor: Fotos Peciña (Madrid)
Título: "Mis sobrinos Jorge y M^a del Socorro Vargas y Quiroga".
Descrición: Plano enteiro de María del Socorro, á dereita, e Jorge Vargas Quiroga, nenos, de pé diante dunhas cortinas e disfrazados. Ela, de "carrapuchiña vermella", leva unha capa, e un cestiño no brazo dereito, cruza as mans sobre o van. El, de "pirata", leva un pano na cabeza, unha faixa de listas e un coitelo suxeito na faixa, esconde as mans ás costas. No chan, moito confetí.
1 unidade; 12 x 18. Monocromo vertical.
Localización: AL-1-125

Data/ano: [1940-1950]
Autor: Descoñecido/a
Título: "Mis sobrinos Jorge y M^a del Socorro Vargas y Quiroga".
Descrición: Plano enteiro de M^a del Socorro (á esquerda) e Jorge Vargas, de nenos, de pé, vestidos con abrigos e chapeus, na rúa. Jorge está a cabalo dunha bicicleta que sostén coas mans polo guiador. Ao seu carón María del Socorro apoia o brazo dereito no guiador. Ao fondo, á dereita, vese o corpo dun cabalo, nunha estrada, diante duns comercios.
1 unidade; 6 x 8. Monocromo vertical.
Localización: AL-1-128

Data/ano: [1950]
Autor: Descoñecido/a
Título: "Doña Elena Quiroga y de Abarca de la Válgoma. 1950 - Premio Nadal -1951".
Descrición: Retrato de estudo. Primeiro plano grande do perfil dereito de Elena Quiroga.
1 unidade; 18 x 24. Monocromo horizontal.
Localización: AL-1-73

2.40.1.3 RETRATOS DE AMIGOS E AFÍNS

Data/ano: [1870-1890]
Autor: Fernando Debas
Título: Retrato do marqués de San Miguel das Penas.
Descrición: Retrato de estudo. Plano enteiro lateral de Manuel Fernández Menestrosas sentado nunha butaca diante dun escritorio (á súa dereita) sostendo entre as mans un libro e unha pluma. Encol do escritorio hai un tinteiro e outros libros.
1 unidade; 10 x 14. Monocromo vertical.
Observacións: Forma parte dun conxunto de 5 retratos montados no mesmo marco.
Localización: M-2-19

Data/ano: [1870-1890]
Autor: Fernando Debas
Título: Retrato da duquesa de Plasencia.
Descrición: Retrato de estudo. Plano enteiro de Pilar Gayoso de los Cobos y Sevilla, de pé, cun traxe escuro, co cóbado dereito apoiado sobre un grande aparador tallado, enriba do cal hai un par de libros e un testo cunha planta. Entrelaza as mans á altura do van. 1 unidade; 10 x 14. Monocromo vertical.
Observacións: Forma parte dun conxunto de 5 retratos montados no mesmo marco
Localización: M-2-20

Data/ano: [1870-1890]
Autor: Fernando Debas
Título: Retrato da marquesa de San Miguel das Penas.
Descrición: Retrato de estudo. Plano enteiro lateral de María de la Encarnación Gayoso de los Cobos y Téllez-Girón de pé, vestida cun traxe escuro, apoia o cóbado dereito sobre unha balaustrada de decoración, coa cabeza inclinada cara ao peito e o ollar baixo, en actitude de sufrimento. No fondo, un decorado cunha paisaxe montañosa. 1 unidade; 10 x 14. Monocromo vertical.
Observacións: Forma parte dun conxunto de 5 retratos montados no mesmo marco.
Localización: M-2-21

Data/ano: [1870-1890]
Autor: Fernando Debas.
Título: Retrato da marquesa de Camarasa.
Descrición: Retrato de estudo. Plano enteiro de Francisca de Boyá Gayoso de los Cobos y Sevilla, sentada nunha cadeira, cun traxe escuro e mantilla e coas mans cruzadas sobre o colo. Ao fondo, un decorado cunha paisaxe boscosa. 1 unidade; 10 x 14. Monocromo vertical.
Observacións: Forma parte dun conxunto de 5 retratos montados no mesmo marco.
Localización: M-2-22

Data/ano: [1870-1890]
Autor: Fernando Debas
Título: Retrato da condesa de Amarante.
Descrición: Retrato de estudo. Plano enteiro lateral de María Gayoso de los Cobos y Sevilla, de pé, cun traxe escuro e mantilla. Apoia as mans sobre unha balaustrada de decoración que hai á súa dereita. No fondo un decorado. 1 unidade; 10 x 14. Monocromo vertical.
Observacións: Forma parte dun conxunto de 5 retratos montados no mesmo marco.
Localización: M-2-23

Data/ano: [1880-1900]
Autor: Barcia y Viet (Madrid)
Título: "Doña Enriqueta Pérez de Guzmán el Bueno y Gordón".
Descrición: Retrato de estudo. Plano enteiro de Enriqueta Pérez Guzmán, de moza, de pé, vestindo un traxe "de época" co pelo recollido nun moño. Cruza as mans sobre o colo e suxeita entre elas un abano. Vira a cabeza cara á dereita, co ollar medio perdido.
1 unidade; 17 x 23. Monocromo vertical.

Localización: L-3-3

Data/ano: [1894]

Autor: Fernando Debas

Título: Retrato da duquesa de Osuna.

Descrición: Retrato de estudo. Plano enteiro de M^a de los Dolores Téllez-Girón, duquesa de Gandía e Osuna, de pé, en posición lateral e apoiada contra unha balaustrada de decoración. Viste un traxe escuro e cunha capa que a cobre por completo. Por entre a aba da capa asoman as mans, cruzadas sobre o colo.
Inscrición no reverso: "A Emilia Pardo Bazán su amiga la Dsa. de Gandía y de Osuna. Madrid 1894".

1 unidade; 10 x 19. Monocromo vertical

Localización: M-2-28

Data/ano: [1897]

Autor: Moratalla Hermanos (Madrid)

Título: Retrato de Concha.

Descrición: Retrato de estudo. Plano enteiro de Concha [?], de pé, cun vestido de cola escuro con encaixes brancos. Leva as mans cruzadas sobre o colo, un colar de perlas e un broche no pelo. Ten a cabeza virada amosando o perfil esquerdo.
Dedicatoria no anverso: "Para la más querida de las Eximias. Su amiga Concha 97".

1 unidade; 13 x 20. Monocromo vertical.

Localización: M-2-29

Exposicións: Exposición permanente da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.

Data/ano: [1889-1907]

Autor: Descoñecido/a

Título: Retrato de estudo de muller non identificada.

Descrición: Retrato de estudo circular. Plano medio curto dunha muller non identificada, en posición semi-lateral, leva unha flor sobre o lado dereito do peito, unha cadea cunha medalla no pescozo e o pelo recollido e adornado con broches.

1 unidade; 8 x 8. Monocromo.

Localización: S-5-11

- Data/ano:** [1892-1902]
Autor: Descoñecido/a
Título: José Baldomir coas coristas do Orfeón coruñés "El Eco".
Descrición: Plano xeral do grupo de coristas do Orfeón coruñés "El Eco", no exterior da sede desta sociedade.
No centro, José Baldomir cun traxe escuro e sentado diante dun piano sobre o que hai un atril con partituras, virado na cadeira para ollar cara á fronte. No primeiro plano a ambos lados del, un grupo de mozas sentadas, con rolos de papeis nas mans. No segundo plano, unha ringleira de mozas de pé detrás do piano e outra ocupando por completo as escaleiras e o patamal do edificio. Ao fondo no centro, a porta da entrada cunha reixa de flores, e a ambos lados, xanelas.
1 unidade; 24 x 31. Monocromo horizontal.
Localización: XL-3-15
- Data/ano:** [1900-1906]
Autor: Descoñecido/a
Título: Retrato de María Guerrero.
Descrición: Retrato de estudo. Plano 3/4 de María Guerrero, de pé, con peita e mantilla por riba dun vestido escotado e sen mangas. Ten a man esquerda apoiada sobre a cadeira e a dereita cae ao longo do corpo. Levanta o ollar en actitude desafiante.
Dedicada no anverso: "A D^a Emilia, con mucho cariño y agradecida con toda su alma. María".
1 unidade; 30 x 49. Monocromo vertical.
Localización: PL-18-3
- Data/ano:** [1900-1910]
Autor: Descoñecido/a
Título: "Elvira Mesa de Olmos".
Descrición: Retrato de estudo circular. Plano medio curto de Elvira Mesa de Olmos, vestida cun traxe de encaixe de cor clara. Leva o pelo recollido e sobre el, enriba da fronte, un broche.
1 unidade; 8 x 8. Monocromo.
Observacións: Forma parte dun conxunto de 3 retratos pegados na mesma folla.
Localización: XL-3-12
- Data/ano:** [1900-1910]
Autor: Descoñecido/a
Título: "Duquesa de Pinohermoso".
Descrición: Retrato de estudo circular. Plano medio curto lateral de Enriqueta María Roca de Togores y Corradini, duquesa de Pinohermoso, vestida cun traxe de cor escura, con varios colares de perlas caendo sobre o peito e ollando cara á fronte. Leva o pelo recollido e sobre el, unha pena.
1 unidade; 7 x 7. Monocromo.
Observacións: Forma parte dun conxunto de 3 retratos pegados na mesma folla.
Localización: XL-3-12

Data/ano: [1900-1910]
Autor: Descoñecido/a
Título: "María-Teresa Olmos y Mesa de L. Bailly".
Descrición: Retrato de estudo. Plano medio curto frontal de María-Teresa Olmos y Mesa, de nena, envolta nunha tea de cor celeste, un lazo da mesma cor adornándolle o pelo e os ombreiros espidos. 1 unidade; 6 x 7. Monocromo coloreado vertical.
Observacións: Forma parte dun conxunto de 3 retratos pegados na mesma folla.
Localización: XL-3-12

Data/ano: [1900-1910]
Autor: Descoñecido/a
Título: Retrato de nena non identificada.
Descrición: Retrato de estudo. Plano enteiro frontal dunha nena non identificada, de pé, cun vestido curto con bordados brancos nos remates. Leva unha cadea cunha medalla sobre o peito. Ten as mans cruzadas no colo e unha pulseira na man esquerda. 1 unidade; 9 x 17. Monocromo vertical.
Localización: M-1-52

Data/ano: [1900-1912]
Autor: Pedro Ferrer
Título: "Oleiros-Pazo de Miraflores".
Descrición: Retrato da familia de Juan Fernández Latorre no interior do pazo de Miraflores, en Oleiros.
Plano curto dunha das súas pezas. No primeiro plano, á dereita, dúas cadeiras, entre as que hai uns andeis cheos de retratos e figuriñas de louza. A seguir, unha porta acristalada á esquerda da cal está sentada de costas a un piano Felisa Ozores de Prado, diante dela as súas fillas María Victoria e Felisa, sentadas en butacas, e detrás e de pé Juan Fernández Latorre apoia a man sobre o piano. A continuación del, outra porta acristalada. Á dereita, unha mesiña con libros e unha planta nun testo. Ao fondo, un sofá de vimbio e un aparador. Sobre as paredes e no teito hai debuxos de paxaros e motivos vexetais. 1 unidade; 11 x 17. Monocromo horizontal.
Localización: M-1-53

- Data/Año:** [1905-1915]
Autor: F. Montes Fotografía Modelo
Título: Retrato de Antolín López Peláez.
Descripción: Retrato de estudo. Plano 3/4 de Antolín López Peláez en posición frontal, ollando cara á dereita. Viste a roupa de bispo e leva un enorme crucifixo sobre o peito. Na man esquerda sobre unha luva, leva un anel, e mete o polgar por entre os botóns da sotana. Apoia a punta dos dedos da man dereita sobre un pedestal de decoración.
 Dedicatoria no reverso: "A mi muy estimado amigo Jaime Quiroga Pardo Bazán. Antolín y [?]"
 1 unidade; 10 x 14. Monocromo vertical.
Localización: M-4-48.
- Data/año:** [1907]
Autor: Editorial Viuda de Luis Tasso (Barcelona)
Título: "A la Egregia Escritora D^a Emilia Pardo Bazán su aftmo. amigo Mtro. Viscasillas".
Descripción: Retrato de estudo. Plano medio longo de Eduardo Viscasillas sentado nunha butaca. Na man esquerda sostén diante do peito o folleto dobrado da súa autoría: "Florinda". Apoia a cabeza sobre a man dereita, á súa vez, apoia este brazo nun lateral da butaca.
 1 unidade; 10 x 14. Monocromo vertical.
Localización: L-2-18
- Data/año:** [1907]
Autor: Varischi-Artico (Milán)
Título: Retrato de Tina di Lorenzo.
Descripción: Retrato de estudo. Plano medio curto de Tina di Lorenzo, co ollar perdido no ceo, cun vestido de encaixe branco e unha longa cadea sobre o peito.
 Dedicatoria no anverso: "A la Illustre Donna Emilia Pardo Bazán - ricordo di Tina di Lorenzo. Madrid 1907".
 1 unidade; 11 x 14. Monocromo vertical.
Localización: M-2-13
Exposicións: Exposición permanente Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.
- Data/año:** [1915-1930]
Autor: Keogh Brothers Ltd. (Dublín)
Título: "Ramona [?] et Mary-Elizabeth".
Descripción: Retrato de estudo. Plano enteiro de dúas nenas, probabelmente irmás, con vestidos iguais, curtos e enfeitados con tiras de debuxos xeométricos. A da esquerda, de maior idade, ten o pelo longo e está medio sentada no brazo dunha cadeira, a outra, de pelo curto, está de pé ao seu carón.
 1 unidade; 9 x 14. Monocromo vertical.
Localización: S-2-56

Data/ano: [1916]
Autor: Káulak
Título: "A la gran Emilia eximia entre los mas eximios su gran admirador y pariente...".
Descrición: Retrato de estudo. Plano 3/4, de Juan Vázquez de Mella Fajul, vestido de traxe, e coas mans nos petos e a cara medio virada cara á esquerda ollando nesa dirección.
1 unidade; 13 x 20. Monocromo vertical.
Localización: L-2-17
Exposicións: Exposición permanente da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.

Data/ano: [1920-1950]
Autor: Descoñecido/a
Título: Muller non identificada.
Descrición: Retrato de estudo. Primeiro plano dunha muller non identificada, cun pano de lunares atado no pescozo e unha chaqueta escura. Leva o pelo recollido detrás da cabeza.
1 unidade; 5 x 6. Monocromo vertical.
Localización: S-4-114

Data/ano: [1927]
Autor: Descoñecido/a
Título: Retrato de Millán Astray.
Descrición: Retrato de estudo. Plano 3/4, de José Millán Astray, de perfil e vestido de militar, en primeiro plano o brazo aleixado. Na man dereita leva unha luva branca e un bastón.
Dedicatoria no anverso: "Al heroico general Marqués de Cavalcanti recuerdo de los históricos días de la reconquista de Melilla en 1921. Con el respetuoso cariño del General Millán-Astray. Julio-1927".
1 unidade; 17 x 23. Monocromo horizontal.
Localización: XL-3-10

Data/ano: [1940]
Autor: Descoñecido/a
Título: Vera, Felix e Manoel Henrique.
Descrición: Plano xeral de grupo. No centro, unha muller cun vestido cunha flor na lapela e co pelo recollido, que colle do brazo dous homes. Á súa esquerda, un home novo, coas mans no peto. Á súa dereita, un home cun traxe, medio calvo, cun cigarro na man esquerda e a dereita apoiada sobre unha cadeira, nun parque. Ao fondo palmeiras e vexetación tropical.
Inscrición no reverso: "Querida Blanca. Aquí le enviamos, con nuestros afectuosos recuerdos y votos de salud y paz de espíritu en 1940, este pequeño retrato de los tres y el monumento á Christo Redentor, visto de cara. Vera, Felix, Manoel Henrique".
1 unidade; 9 x 14. Monocromo horizontal.
Localización: S-2-70

Data/ano: [1940-1950]
Autor: Descoñecido/a
Título: Un home e dúas mozas non identificados, paseando.
Descrición: Plano enteiro de tres persoas paradas no medio dunha rúa non identificada. De esquerda a dereita, unha moza cun abrigo cunha flor na lapela e lentes escuras. No medio outra moza cun vestido escuro e un colar sobre o peito cunha gran medalla agarra de ganchete á moza anterior e a un home, de traxe e lentes, moi sorrinte. Detrás vense os edificios e outra xente paseando.
1 unidade; 5 x 9. Monocromo vertical.

Localización: S-4-116

Data/ano: [1959-1960]
Autor: Descoñecido/a
Título: Os condes de Barcelona en Estoril.
Descrición: Plano curto dos condes de Barcelona nun balcón, en Estoril. No primeiro plano, unha liña de xeranos, detrás María de las Mercedes apoia as mans sobre o bordo do balcón, á súa dereita, Juan de Borbón con traxe e gravata e coas mans detrás das costas. Ao fondo vese unha porta. Felicitación de nadal. Inscrición no anverso: "Muy agradecidos por la felicitación deseamos igualmente, un feliz año. Estoril, Enero 1960". Asinado María e Juan.
1 unidade; 8 x 11. Monocromo vertical.

Localización: M-1-44

Data/ano: [1965]
Autor: Foto Blanco (A Coruña)
Título: Retrato de Sarita González Rey.
Descrición: Retrato de estudo. Primeiro plano de Sarita González Rey, de moza, vestida de escuro, co ollar baixo en actitude piadosa. Cruza as mans diante da cara e leva entre elas un rosario. Leva peita e mantilla. Sobre o peito, unha medalla da Virxe. Dedicatoria no reverso: "A la Excma. Sra. Marquesa de Cavalcanti con afecto y cariño. Sarita González Rey. La Coruña, 15 - 7 - 65".
1 unidade; 18 x 24. Monocromo vertical.

Localización: L-2-20

02.40.2.1. BENS MOBLES

- Data/ano:** [1930-1940]
Autor: M. Moreno
Título: Retrato de home non identificado, do pintor Manuel Benedito.
Descrición: Reprodución de pintura. Retrato dun home descoñecido vestido cun uniforme militar de gala, cunha chaqueta curta sobre o ombro dereito, da que leva prendidas algunhas condecoracións. Ten a man dereita metida no peto do pantalón e na man esquerda leva un chapeu con penas. Á esquerda aparece a sinatura do pintor e a data "M. Benedito, 1923".
1 unidade; 17 x 26. Monocromo vertical.
Localización: L-2-22
- Data/ano:** [1940-1960]
Autor: Descoñecido/a
Título: "Doña María del Socorro Somoza y Piñeiro de las Casas-Abuela materna de Doña Emilia Pardo Bazán y de la Rúa pintado por Madrazo".
Descrición: Plano curto, no que se inclúe o marco, dun retrato ao óleo (plano medio) de María del Socorro Somoza y Piñeiro. Obra de Federico de Madrazo y Küntz, con data de 1845.
1 unidade; 9 x 15. Monocromo vertical.
Localización: S-2-49
Exposicións: Pintura orixinal exposta na Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.
- Data/ano:** [1940-1960]
Autor: Descoñecido/a
Título: "Don Antonio Francisco Sánchez Seijas. Abuelo político de Doña Emilia Pardo Bazán y de la Rúa, pintado por Madrazo".
Descrición: Plano curto, no que se inclúe o marco, dun retrato ao óleo (plano medio) de Antonio Fracisco Sánchez Seijas. Obra de Federico de Madrazo y Küntz.
1 unidade; 9 x 15. Monocromo vertical.
Localización: S-2-50
Exposicións: Pintura orixinal exposta na Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.
- Data/ano:** [1940-1960]
Autor: Descoñecido/a
Título: "Retrato al óleo de la Excmá Señora Doña Amalia de la Rúa Figueroa, Somoza y Piñeiro de las Casas, Condesa de Pardo-Bazán".
Descrición: Plano curto, no que se inclúe o marco, dun retrato ao óleo (plano medio) de Amalia de la Rúa, na súa mocidade, apoiada encol dunha mesa cos dedos entrelazados. Obra atribuída a Dionisio Fierros.
1 unidade; 9 x 15. Monocromo vertical.
Localización: AL-1-65, S-2-(51 - 52)
Exposicións: Pintura orixinal exposta na Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.

Data/ano: [1940-1960]
Autor: Descoñecido/a
Título: "Retrato al óleo de Don Miguel Pardo-Bazán, coronel de artillería y escritor".
Descrición: Plano curto, no que se inclúe o marco, dun retrato ao óleo (plano medio) de Miguel Pardo-Bazán, virado cara á esquerda, coa man dereita sinala un papel e coa esquerda sostén unha pena. Obra de autoría descoñecida.
1 unidade; 9 x 14. Monocromo vertical.
Localización: AL-1-65; S-2-53
Exposicións: Pintura orixinal exposta na Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.

Data/ano: [1940-1960]
Autor: Descoñecido/a
Título: "Cuadro al óleo por Victor Morelli. Retrato del Tte. General Don José Cavalcanti de Alburquerque Padierna. Madrid 1926".
Descrición: Plano curto, no que se inclúe o marco, dun retrato ao óleo (plano 3/4) de José Cavalcanti vestido con uniforme militar de gala. Obra de Víctor Morelli.
1 unidade; 9 x 14. Monocromo vertical.
Localización: S-2-54
Exposicións: Pintura orixinal exposta na Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.

Data/ano: [1940-1960]
Autor: Descoñecido/a
Título: "Cuadro al óleo por Joaquín Vaamonde-Retrato de Don José Fernando Quiroga y Pérez de Deza. Madrid 1904".
Descrición: Plano curto, no que se inclúe o marco, dun retrato ao óleo (plano enteiro) de José Quiroga vestido con uniforme militar de gala. Obra de Joaquín Vaamonde.
1 unidade; 9 x 15. Monocromo vertical.
Localización: AL-1-63

Data/ano: [1940-1960]
Autor: Descoñecido/a
Título: "Retrato al óleo atribuído al pintor Fierros. Don Pedro Antonio Quiroga y Mendinueta".
Descrición: Plano curto, no que se inclúe o marco, dun retrato ao óleo (plano medio curto) de Pedro Antonio Quiroga vestido con uniforme militar de gala. Obra atribuída a Dionisio Fierros.
1 unidade; 9 x 14. Monocromo vertical.
Localización: AL-1-67

Data/ano: [1940-1960]
Autor: Descoñecido/a
Título: "Retrato al óleo atribuído al pintor Fierros. Doña María de la Asunción Pérez de Deza y Pinal".
Descrición: Plano curto, no que se inclúe o marco, dun retrato ao óleo (plano medio curto) de Asunción Pérez de Deza vestida cun traxe escuro. Obra atribuída a Dionisio Fierros.
1 unidade; 9 x 14. Monocromo vertical.
Localización: AL-1-67

2.40.2.2 BENS INMOBLES

Data/ano: [1905-1920]
Autor: Pedro Ferrer
Título: "Galicia - Castillo de Santa Cruz - Coruña".
Descrición: Plano xeral grande do castelo de Santa Cruz, situado nunha illa no medio da ría da Coruña, no que se albiscan as torres do castelo e outras construcións no medio das arbores. Á dereita da illa vemos algunhas trañas. Ao fondo, os cantís da costa.
1 unidade; 9 x 14. Monocromo horizontal.
Localización: S-2-(6 - 7)

Data/Ano: [1905-1925]
Autor: Descoñecido/a
Título: Interior do Pazo de Meirás.
Descrición: Plano xeral dun dos cuartos do interior do Pazo de Meirás, probablemente o salón comedor. No primeiro plano, unha mesa de madeira rodeada de cadeiras encol da que hai dous candelabros. Sobre a mesa descende do teito unha lámpada de varios brazos. Ao fondo á esquerda hai un aparador con pezas de louza expostas. No centro, outra mesiña pegada á parede. Na dereita, unha cheminea co marco de pedra traballada, sobre a que hai máis pezas de louza expostas. A cada lado da cheminea, unha porta. No teito vense as trabes atravesando o cuarto.
1 unidade; 9 x 14. Monocromo horizontal.
Localización: S-2-4
Bibliografía: *La Tribuna: cadernos de estudo da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán*, n. 1 (2003).

Data/ano: [1905-1925]
Autor: Descoñecido/a
Título: Interior do Pazo de Meirás.
Descrición: Plano xeral dun dos cuartos do interior do Pazo de Meirás, probablemente un salón. En primeiro plano no centro e entre dúas portas, unha cheminea co marco en pedra traballada, diante dela hai unha mesiña con pezas de louza, e ao redor cadeiras mexedoras. A cada lado da cheminea cadansúa imaxe relixiosa de madeira. Enriba, sobre as paredes, numerosas pinturas. Nas paredes laterais cadanseu aparador. Ao fondo, a través das portas, pódense ver outros cuartos do Pazo.
1 unidade; 9 x 14. Monocromo horizontal.

Localización: S-2-5

Bibliografía: *La Tribuna: cadernos de estudo da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán*, n. 1 (2003).

Data/ano: [1905-1925]
Autor: Pedro Ferrer
Título: Interior do Pazo de Meirás.
Descrición: Plano xeral dun dos cuartos interiores do Pazo de Meirás. No primeiro plano, un primeiro cuarto, cun arco no centro que dá paso a outro, ao fondo. Á dereita do arco, unha mesa rodeada de cadeiras encol da que hai varios libros. Detrás, un andel decorado con louza e retratos. Penduradas sobre a parede, espadas, armas e unha imaxe relixiosa. Á esquerda nun recanto, outra mesa máis baixa rodeada tamén de cadeiras con diversos obxectos ao seu redor, tamén con pinturas, armas e imaxes relixiosas penduradas na parede. A cada lado do arco un candeeiro. Na parte superior da peza, o balcón que sostén o corredor do piso superior e unha porta. Cruzando o arco enxérgase unha escaleira que conduce ao andar superior. Á esquerda diversos mobles adornados con louza e fotografías. Arriba, o mesmo balcón do primeiro cuarto coas entradas a outras pezas e un gran tapiz con motivos heráldicos.
1 unidade; 9 x 14. Monocromo horizontal.

Localización: S-7-55

Data/ano: [1905-1925]
Autor: Pedro Ferrer
Título: Fachada posterior do Pazo de Meirás.
Descrición: Plano xeral da fachada posterior do Pazo de Meirás. No primeiro plano uns matos delimitan o xardín. Detrás, á esquerda, a porta traseira, acristalada, pola que asoma unha muller. A seguir vemos unha das torres. Á dereita, unha ringleira de árbores que continúan cara ao fondo, conformando o xardín.
1 unidade; 9 x 14. Monocromo horizontal.

Localización: S-2-61

Data/ano: [1920-1940]

Autor: Descoñecido/a

Título: A Torre da Quimera, no Pazo de Meirás.

Descrición: Plano contrapicado da Torre da Quimera, no Pazo de Meirás, tirado dende a fachada lateral. Á dereita, parte da portada do pazo. No centro, a torre, onde destaca o balcón "das Musas". Abaixo, as hedras e a vexetacion cobren a base da torre.
1 unidade; 6 x 8. Monocromo vertical.

Localización: S-4-93

Bibliografía: *La Tribuna: cadernos de estudo da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán*, n. 1 (2003).

Data/ano: [1925-1955]

Autor: Descoñecido/a

Título: "Castillo de Santa Cruz".

Descrición: Plano xeral grande do castelo de Santa Cruz. No primeiro plano, a praia, ao fondo da cal hai unha barca na area e unha persoa paseando. Ao fondo, o castelo de Santa Cruz, na illa, unida á praia debido á baixamar. No centro, unha torre cadrada, á dereita, máis lonxe, outra torre redonda, as dúas ameadas. Á esquerda, un piñeiral.
1 unidade; 6 x 9. Monocromo vertical.

Localización: AL-1-41

Data/ano: [1940-1950]

Autor: Descoñecido/a

Título: Casa de Moeche.

Descrición: Plano curto dunha casa no concello de Moeche que, segundo a inscrición no reverso, pertence a Blanca Quiroga. No primeiro plano, un home de camisa branca e gravata escura, asoma entre a herba, diante da casa. No segundo plano, no centro, a casa branca, de dous andares e coa cuberta de lousa. Polas tres xanelas do andar superior asoman as cabezas de cinco persoas e un bebé. Á dereita da edificación, outra casa medio esboroadada, de cachotería, co tellado tamén de lousa, e as xanelas de madeira.

Inscrición no reverso: "Casa edificada en Moeche para la Sra Marquesa por el casero y ayuda de la Sra Marquesa. La casa según documento firmado por el casero en poder de D. Amelio González Barros, reconoce la propiedad de la misma para la Sra Marquesa".

1 unidade; 9 x 14. Monocromo horizontal.

Localización: S-2-71

Data/ano: [1950-1960]
Autor: Juan Cancelo
Título: Exteriores do Castelo de Santa Cruz.
Descrición: Planos dos xardíns do castelo de Santa Cruz.
a) Plano curto dunha torre do pazo que, na parte superior ten un escudo coas armas da familia Quiroga. Á dereita, unha xardineira con setos. Á esquerda, parte do muro da fortaleza.
b) Plano xeral dos xardíns. Á dereita, parte dunha torre cadrada. Á esquerda, torre ameada redonda, cun depósito na parte superior. Á esquerda desta, unha garita.
2 unidades; 18 x 24. Monocromo horizontal.
Localización: L-2-(24 - 25)
